

CONSELLOS REGULADORES.
O SLG presente en 6 Consellos ▶ 3

SECTOR LÁCTEO. As industrias lácteas forzaron a
baixada do prezo do leite malia a suba de custos ▶ 6



PAC. Este ano entra en vigor a nova PAC pola que nos
guiaremos polo menos até o 2027. Recollemos os
cambios máis relevantes desta Política Agraria Común
e explicamos como afectarán ás nosas granxa ▶ 22 a 29



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano MMXXIII - N° 342 - Febreiro-Marzo 2023

IDENTIFICANDO AS VIOLENCIAS E CONSTRUÍNDO O BO TRATO



Ao longo da terceira fin de semana de marzo, o SLG celebrou a decimo-séptima edición do encontro anual da Secretaría das Mulleres, baixo o lema “Identificando as violencias e construíndo o bo trato”. O evento, centrado en identificar as violencias machistas, tivo lugar os días 18 e 19 de marzo no Centro Sociocultural A Senra de Bergondo. Nel abordamos as múltiples violencias cotiás que afectan ás labregas no eido laboral, educativo, xudicial e da saúde. Unha fin de semana de sororidade, combatividade, reforzo mútuo e propostas de futuro para serguirmos transformando xuntas o mundo en clave labrega e feminista. ▶ 20 e 21



séguenos en

www.sindicatolabrego.gal

e tamén en

facebook



twitter

EDITORIAL

Un ano despois do suposto “acordo histórico” da Xunta seguen os prezos de miseria

CA propia Consellería do Medio Rural indicaba en xuño de 2022 que, segundo un informe da Xunta, as granxas de Ternera Galega Suprema vendían 1 euro por debaixo dos custos de produción. A venda por debaixo de custos de produción é unha práctica ilegal segundo la Lei da Cadea Alimentaria pero incomprensiblemente un ano despois nin a Xunta nin o Ministerio tomaron ningunha medida efectiva ao respecto. Boas palabras, moita foto e supostos acordos históricos, pero os prezos seguen baixos coma sempre. Segundo o estudo da Xunta e da Fundación Juana de Vega o prezo mínimo estimado para cubrir o custo de produción tería que ser xa no 2022 de 6,20 euros /kg mentres que os prezos pagados nas granxas neste momento son moi inferiores.

En marzo de 2022 a Xunta vendía un “acordo histórico” entre as industrias cárnicas, os supermercados e os gandeiros para subir a carne de vacún no campo. Naquel momento, dende o Sindicato Labrego Galego, presentamos unha serie de propostas para que houbese subas de prezo e compromisos reais, medidas que non foron atendidas, pois a Consellería seguiu avalando un documento baleiro de contido co que seguir enganando ao sector.

Algunhas das voces que defenderon o gran acordo foron sorprendentemente de organizacións de persoas gandeiras que ao lado de outros como, por exemplo, o director de Novafrigsa ou representantes da distribución, avalaron o documento. O Conselleiro destacaba que Galicia “era a primeira comunidade que asinaba un acordo dese tipo”. O tempo pon a cada un no seu sitio e un ano despois pode constatar-se o que denunciabamos dende o Sindicato Labrego Galego, a única organización

profesional agraria que non o asinou; que o suposto acordo histórico era todo fume e que non había medidas que aseguraran os prezos para a carne que precisa o sector. A Consellería hoxe segue a mirar para outro lado e agora anuncia como gran medida un programa informático para calcular os custos de produción.

Contacarne

A Consellería de Medio Rural vén de anunciar a posta en marcha dunha aplicación informática chamada “Contacarne”, na que as persoas gandeiras poidan meter os datos dos seus gastos para que, segundo din dende a administración, así “poidan ter unha idea do prezo que necesitan ao vender os animais para cubrir os custos de produción”. Señor conselleiro, a xente gandeira sabemos o prezo que precisamos pero cos que supostamente vostede chegou a grandes acordos non nolo pagan. E para levalos pola vía legal moito nos tememos que coa súa “Contacarne” nos pase o mesmo que coa súa “Conta Leite”, que despois de case dous anos seguimos sen ter referencias oficiais de custos de produción, nin actuacións da suposta AICA galega ou da estatal, para impedir os prezos abusivos.

Conta Láctea

No mes de agosto de 2021 a Consellería do Medio Rural presentaba en público a chamada “Conta Láctea”, a aplicación informática na que as explotacións leiteiras podiamos calcular os seus custos de produción e que, naquel momento, tanto dende a Xunta como dende a Fundación Juana de Vega venderon como a gran ferramenta para mellorar a “profesionalidade” e a “rendibilidade das granxas”. O Conselleiro de Medio Rural destacaba que esta

ferramenta ía “axudar ás persoas agricultoras e ás organizacións de produtores a negociar coas industrias lácteas”. Estes mesmos días as empresas lácteas iniciaron un proceso de renovación de contratos lácteos nas granxas impoñéndonos unilateralmente baixadas de prezos moi importantes, sen que fosen escoitadas unha vez máis as demandas da xente gandeira de manter os prezos tendo en conta as subas dos custos de produción que se manteñen altos. Nos últimos meses un prezo normal sen aditivos anda en 470 euros por tonelada, o mesmo concentrado que hai un ano, a comezos do ano 2022, estaba en 365 euros /Tm e a comezos do 2021 estaba en 299 euros.

**Para que vale a Conta Láctea?
Non o sabemos moi ben. De que nos vale a Consellería do Medio Rural para os baixos prezos e os principais problemas do agro? Tampouco**

O Conselleiro do Medio Rural, José González, anunciaba que a Conta Láctea ía ofrecer datos de custos de produción que ían servir para negociar, cando todo o mundo sabe que as persoas gandeiras seguimos sen poder negociar nada, e tamén como referencia para prohibir prezos por debaixo de custos de produción. Hai que dicir que case 2 anos despois a Consellería segue sen facer públicos cales serían eses datos de custos de produción e tampouco elaboraron ningunha ferramenta para prohibir os prezos abusivos. Para que vale a Conta Láctea? Non o sabemos moi ben. De que nos vale a Consellería do Medio Rural para os baixos prezos e os principais problemas do agro? Tampouco.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Noelia Gómez Calvo
Vera Cruz Montoto Vázquez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Rodríguez Vázquez, Diego Sánchez Agra, Brais Álvarez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Noelia Gómez Calvo

COLABORACIÓN
Brais Álvarez, María Ferreiro, María Osorio, Samuel Formoso, Andrés Castro

PECHE DE EDICIÓN 10-04-2023

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Local da CIG. ☎ 630 970 131
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 679 192 000
AS NOGAIS Casa do Concello (martes) ☎ 679 192 000
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edif. Rosales. ☎ 986 625 394
CRECENTE Centro Cultural San Paio. Albeos (luns) ☎ 669 215 346
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

CONSELLOS REGULADORES ▶ Un dos procesos que máis interese espertou foi a elección dos vocais no Censo A1 (producción tradicional–Suprema), no que Samuel Formoso representará ao SLG

O SLG obtén representación en 6 Consellos Reguladores

Obtivemos representación en 6 das 7 DO e IXPS ás que nos presentamos no proceso electoral a Consellos Reguladores

O pasado mes de novembro a Consellería de Medio Rural convocou eleccións para renovar os órganos de representación dos Consellos Reguladores. Este proceso rematou coas votacións o pasado 19 de febreiro nos Consellos e censos onde non houbera nin acordo nin lista única, e coa constitución dos plenos durante os primeiros días de marzo. A afiliación do SLG dos diferentes sectores e Consellos Reguladores decidiron presentar candidaturas a un total de 7 Consellos Reguladores, dos cales en 6 se concorreu en solitario e no caso da Denominación de Orixe Ribeira Sacra nunha candidatura unitaria das organizacións agrarias.

Este proceso electoral caracterízase por dividirse en varias fases para elixir as persoas vocais nos distintos Consellos Reguladores. Nunha primeira fase rematado o prazo para presentar candidaturas, a xunta electoral proclama os vocais dos distintos censos aos que só hai unha única candidatura. Unha vez feito isto e até o comezo da campaña electoral, as distintas listas poden chegar a acordos en cada Consello Regulador. Se finalmente non hai acordo entre as candidaturas celébranse votacións, que nesta ocasión tiveron lugar o pasado 19 de febreiro.

DO Rías Baixas e Valdeorras

A candidatura do SLG presentada na DO Rías Baixas para o subcenso de máis de 2 ha do Condado do Tea e Soutomaior e



Imaxe dun momento do recuento de votos o pasado domingo 19 de febreiro.

encabezada por Finca Vilamean SL resultou gañadora despois das votación do pasado día 19, imponéndose ás demais candidaturas ao obter máis do 50% dos votos. Este vocal electo tras as votacións, súmase a José Antonio Presa Garrido que fora proclamado vocal no subcenso de menos de 2 ha do Condado do Tea e Soutomaior. Desta maneira, o SLG estará representado na DO Rías Baixas por 2 vocais, fronte ao único acadado no anterior proceso electoral de 2017. Así mesmo, a candidatura do SLG o censo A1 da DO Valdeorras e encabezada por Antonio García Fernández resultou elixida tras a votación celebrada o día 19, acadando o 20% dos votos e quedando en 2 lugar no seu censo, co cal o SLG seguirá a contar cun representante nesta DO.

IXP Carne de Vacún de Galicia

Un dos procesos que máis interese espertou foi a elección dos vocais no Censo A1 (producción tradicional – Suprema) dentro dos CR das IXPs de Carne de Vacún de Galicia. Este interese viña dado por varios motivos entre os que cabe destacar o tamaño do propio censo, a presenza de granxas e da IXP en todos os concellos ou a per-

manente crise que o sector leva anos atravesando. Finalmente, presentáronse 6 candidaturas para 5 vocais o que automaticamente provocou que houbera votacións o 19 de febreiro, as primeiras despois de 20 anos. O SLG presentou unha candidatura encabezada polo gandeiro da Limia Samuel Formoso, que acadou 405 votos (15% do total), obtendo un representante pola produción e resultando a 3 forza máis representativa entre o sector produtor.

CRAEGA, IXP Pataca de Galicia e DO Ribeira Sacra

Ademais dos vogais mencionados anteriormente, o SLG contará con dous representantes no CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura e Gandería Ecolóxica). Pola produción vexetal, Sergio Boado en representación de Granxas de Lousada SC, e pola produción animal Concha Montecelos de Casa Bértolo SC. Así mesmo, resultou electo como vocal do SLG José Manuel Gómez Estévez na IXP Pataca de Galicia. Primitivo Lareu estará presente na DO Ribeira Sacra en representación do SLG dentro da candidatura unitaria Viticultores e Adegoeiros da Ribeira Sacra.

Valoración dos resultados obtidos nas eleccións

A Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego celebra o pasado 23 de febreiro valorou estes resultados como positivos, xa que se obtivo representación nos Consellos Reguladores máis grandes e con maior implantación en todo o país.

Valorou as dificultades atopadas en todo o proceso e no día a día da organización e a falta de medios ou de visibilidade mediática en relación con outras organizacións ou candidaturas. Tamén se valorou positivamente a nosa independencia fronte a outras candidaturas fortemente impulsadas pola propia Xunta ou partidos políticos.

Así mesmo, agradece o esforzo militante de todas as persoas e, en especial, a todas as persoas candidatas de cada Consello Regulador que de xeito desinteresado apoiaron e axudaron a que o Sindicato Labrego Galego fose escollido. Considérase que os resultados acadados permiten poder seguirmos a incidir e introducir propostas nos distintos Consellos Reguladores para mellorar o funcionamento dos mesmos e mellorar a calidade e recoñecemento dos nosos produtos.

En resumo, estes resultados permiten ao Sindicato Labrego Galego estar o tanto das distintas políticas agrarias que se lexislan dende a Xunta aos Consellos Reguladores e ser unha voz representativa a ter en conta por parte da Consellería de Medio Rural en todo o relativo aos mesmos.

SAMUEL FORMOSO SALGADO ▶ Gandeiro da Limia, responsábel do sector da carne do SLG e agora tamén será o noso vogal no Consello Regulador das IXP de Carne de Vacún de Galicia

"Cando comecei coa gandaría de meus pais, con 4 vacas, á semana seguinte xa estaba sindicado no Sindicato Labrego Galego"

✓ **Como é o día a día de Samuel Formoso, gandeiro da Limia na súa granxa?**

O día a día na miña granxa comeza por baixar pola mañá e ir visitar os rabaños que teño fóra en diferentes parcelas (neste momento conto con 5 en diferentes sitios). Logo miro se houbo algún parto, se se botou algún fóra que tamén é importante xa que vivo nunha zona onde hai moitos cultivos e non quero que arrastren as colleitas de ninguén. Despois veño á granxa ver os becerros que estou destetando e aténdoo. A parte diso, en diferentes épocas, como son da Limia tamén me dedico á semente de cereal para autoconsumo e outras cousas a parte da gandaría.

✓ **Tes algún tipo de axuda para levar a granxa adiante?**

Eu e a miña parella, Herminia, temos dúas granxas. Ela ten unha granxa ao seu nome que está a 20km da miña e temos separacións de bens. Entón eu vou até a súa en casos concretos. Ela á miña adoita vir se teño que ausentarme por algún evento do sindicato, por ir a algunhas xornadas ou se nalgún momento dado teño que cambiar rabaños de sitio. Axúdame tanto ela como os meus fillos no mantemento da granxa.

✓ **A granxa de Herminia tamén é de carne?**

Si, tamén. A historia de ter 2 granxas retómase hai 20 anos atrás cando a miña sogra se xubilou. A súa granxa ía herdala eu porque tiña xa un código de explotación. Entón para que ela puidera herdar a súa granxa fixemos separacións de bens.

Daquela foi a primeira vez que se fixo isto, sobre todo aquí en Ourense. Así ela herdou a granxa e seguimos funcionando como dúas independentes. Fixemos isto porque nos parecía un pouco forte que eu herdara a granxa da miña sogra e que ela non tivese a titulariedade.

✓ **Na actualidade contas con 160 cabezas en extensivo no concello de Vilar de Barrio. Sempre tiveches a mesma produción?**

Normalmente ando rondando as 70/80 cabezas. Nalgún tempo 120/130 como moito. Pero na pandemia tentei recriar e recriei moito, entón agora teño esa cifra.

✓ **E sempre estiveches no mesmo concello?**

Nós estamos en zonas limítrofes nos concellos. Vilar de Barrio xa case limita co concello de Sarreaus. Eu teño parcelas no concello de Sarreaus, algún aproveitamento, pero fóra diso non. A miña muller si que fai todo en Sarreaus e eu normalmente eu Vilar de Barrio. Non adoitamos movernos dun lado para outro.

✓ **Que significa para ti ser gandeiro? Sempre soubeches que querías dedicarte a isto? Foi algo familiar, o traballo en herdanza?**

Como tanta outra xente, primeiro probei outras cousas. Traballei na cidade, tiven unha morea de traballos, fun incluso vendedor de xoguetería, así que xa ves, nada ten que ver coa gandaría! E nun momento dado, supoño que porque sempre me



Samuel Formoso coas súas vacas na granxa que ten en Vilar de Barrio (Ourense).

gustou, volví ao rural, meus pais xubiláranse e herdei a súa granxa. Daquela tiñan 3 ou 4 vacas e estiven compaxinando durante unha época este traballo cun camión que tiña para facer mudanzas. E pouco a pouco cheguei a onde estou agora.

✓ **Onde estas hoxe tamén é un sitio especial porque sabemos de primeira man que os teus becerros conviven cada día con banda sonora. Nada máis e nada menos que escoitando música clásica. De onde xorde a idea de poñerlle música aos animais?**

A min gústame escoitar música, entón pónolle radio clásica para que estean máis tranquilos.

✓ **Cres que o feito de escoitar ese son constante inflúe na produción?**

Na produción non sei, na calidade supoño que si porque están moito máis tranquilos!

✓ **Levas facendo isto desde hai moito?**

Xa hai tempo (ri). A xente que ven á granxa rin de min porque din que son un aburrido! "Ponlle outro tipo de música que ese tipo de música é aburrida".

✓ **A Herminia tamén lle gusta poñerlle música?**

(Ri). Non! non compartimos esa inqueda.

✓ **Es o responsábel do sector da carne do SLG dende hai dous anos e agora tamén serás o responsábel de representar ao SLG na IXP Carne de Vacún de Galicia neste lexislatura (durante 4 anos). Como te sentes ante o reto?**

Cando comecei coa gandaría de meus pais, con 4 vacas, á semana seguinte xa estaba sindicado no Sindicato Labrego Galego. O sindicalismo é unha ferramenta que cómpre utilizar. A xente fala moitas veces dos sindicatos como algo **SEGUE ▶**

alleo, lonxano, creo que é por-
que non se implican o suficiente
na vida do sindicato. Eu sempre
estiven moi seguro diso.
Coñecín un montón de xente a
través do sindicalismo e estou
contento de estar. Agora o de
compaxinar o rol de responsá-
bel da carne co de estar na IXP
penso que pode ser incluso be-
neficioso para a organización
porque está a mesma persoa
que pertencen ao mesmo sector.
Afronto o reto con ilusión!

✓ **No Fouce anterior 341,
especial Consellos Regulado-
res, comentabas que os CR
"deberían ser unha ferra-
menta de diferenciación con
outras formas de producir,
dando unhas garantías ao
consumidor de que o produto
que está mercando nos liniais
pasou uns exhaustivos con-
trois en toda a cadea (produ-
tor, matadoiro, distribución)
e que pode consumirse con
total garantía". Afonda un
chisco máis nesta cuestión
tan relevante.**

É moi importante que a persoa
consumidora saiba o que está
consumindo. A día de hoxe iso
non acontece. Estamos sempre
na mesma loita entre tenreira
galega suprema e tenreira ga-
lega cebada de forma industrial,
e á persoa consumidora non
chega esa información. Cando
compra tenreira galega moitas
vezes compra tenreira galega
pensando que está mercando o
que sae na foto (un becerro ma-
mando dunha vaca ata os 7
meses) e o que está mercando
en realidade é carne de ceba-
doiro. Supoño que a industria
está moi interesa nese modelo
porque lles vai ben, pero nós,
dentro do consello regulador,
temos que tentar que iso non
sexa así e que a persoa consu-
midora tamén se implique.
E iso conséguese con informa-
ción. Se a xente sabe o que está
consumindo en cada momento
é libre de elixir, pero sempre
con información veraz e sen ser
enganala.

✓ **Como poderemos facer que**



Na actualidade, o vogal do SLG na IXP de Carne de Vacún de Galicia conta cunha produción de 160 cabezas en extensivo no concello de Vilar de Barrio (Ourense).

**a consumidora poida ter máis
coñecemento sobre a produ-
ción de carne que merca?**

Que non haxa lugar a erro nin a
engano. Cando se fan as campa-
ñas publicitarias, nunca se fai
unha campaña sobre un ceba-
deiro. Eles sempre din que a súa

carne é máis homoxénea, que
nos liniais se vende mellor por-
que todos os becerros son
iguais, pero se iso é tan bo, por-
que non fan publicidade da
carne deles sen utilizar a nosa
foto? Que o publiciten tal como
é e que o consumidor elixa.

Eu como consumidor non podo
facer un curso para comprar
carne! Temos que poñerllo fácil.
E iso non sempre é doado por-
que hai moitos intereses por de-
trás para que non sexa así.

✓ **Cres que hai un descoñece-
mento na sociedade da im-
portancia que teñen os
Consellos Reguladores para
as persoas produtoras? Como
cres que se podería aproxi-
mar máis os organismos ás
persoas de a pé, ás labregas e
aos labregos?**

Hai un descoñecemento entre
os mesmos produtores. Nós, o
Sindicato Labrego Galego, a tra-
vés do vogal neste caso, o que
temos é que trasladar en tempo
real os acordos que se toman e
as votacións que vota cada
quen. Procuraremos que a xente
e os produtores saiban real-
mente o que se coce alí dentro.
Nós imos a defender a postura
do sindicato que é a dos produ-
tores, a de extensivo e a da
xente que traballe coa terra. Ese
é o modelo que nós defende-
mos.

✓ **O índice de participación o
día das eleccións, o pasado 19
de febreiro, foi bastante posi-
tivo. Parece que, aínda que
fose domingo de entroido, a
xente se animou a ir votar.**

Nós, no SLG, temos as limita-
cións económicas que temos
porque non sempre comulga-
mos coas consellarías de
quenda. Moitas veces outros
sindicatos reciben subvencións
que nós non recibimos pero
nós, cos medios que tiñamos e
grazas ao persoal que temos,
que é o noso maior patrimonio
(a xente que traballa no sindi-
cato e que se implica como nin-
guén nas campañas dos
sindicatos, incluso afiliados,
algún afiliado na mesa da Ma-
ceda estivo na apertura da mesa
e estivo no peche, medio día,
sendo un afiliado) logramos
manter o noso vogal na IXP,
cando houbo outros casos,
como aconteceu coas cooperati-
vas ou a ASAGA, que quedaron
fóra.

A música natural da Lagoa de Antela

Coméntanos Samuel Formoso que ademais do son da música
clásica que as súas vacas escoitan durante todo o día, algúns dos
seus rabaños teñen a sorte de pacer na antiga Lagoa de Antela.
A través da comunidade de montes, recuperaron o único comu-
nal dentro da lagoa. "Era unha desfeita e agora cun convenio que
teño coa Asociación Galega de Historia Natural recuperáronse
parte desas hectáreas e estase a dedicar á gandería como se facía
antes", explica o vogal do Sindicato Labrego na IXP Carne de
Vacún de Galicia. "Así que a parte da música clásica os becerros
tamén escoitan os patos, os paxaros e as ras da antiga lagoa de
Antela".

SECTOR LÁCTEO ▶ Como xa advertimos no mes de febreiro, as industrias lácteas forzaron a baixada do prezo do leite malia a suba de custos

O sector lácteo valora iniciar accións de denuncia fronte á imposición dunha baixada masiva de prezos

Xunta e Ministerio non actuaron fronte á imposición de contratos á baixa e presentados fóra dos 2 meses previos establecidos

A Dirección do Leite do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), analizou en Meira a actual situación do sector leiteiro no marco da renovación maioritaria de contratos que terá lugar a partir do 1 de abril, condicionada polas baixadas importantes de prezo realizadas por tódalas industrias, así como pola vulneración do requisito de realizar as ofertas de prezo con polo menos dous meses de antelación, como esixe o Paquete Lácteo.

Malia que a tendencia á suba nos custos de produción deste último ano mantense constante, e que os prezos dos produtos lácteos industriais tamén subiron, como xa advertimos dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) o pasado mes de febreiro, as operadoras seguen a ampliar as súas marxes de beneficio a costa de estrangular unha vez máis o elo máis feble da cadea: as granxas.



Imaxe de vacas de leite padendo en Labrada (Abadín).

Non máis baixada de prezos!

As gandeiras e os gandeiros do SLG non admitiremos unha baixada de prezos, en tanto non se produza unha baixada clara e suficiente dos custos de produción e nomeadamente dos pensos. A actual situación de seca extrema en Europa e en boa parte da Península dá lugar á posibilidade de que teñamos que enfrontarnos a unha escaseza de alimento para o gando nun futuro moi próximo. Tamén as condicións climáticas que padece Arxentina, un dos principais provedores de soia, materia prima presente na maioría de pensos para vacún de leite, afasta a posibilidade dunha suposta baixada dos custos de produción. Non hai motivos polo tanto para que a

industria, que hai uns meses se pelexaba polas granxas, agora as maltrate con esta baixada tan agresiva que volta colocar os prezos no fío da incerteza de verse obrigadas a vender a perdas por non poder cubrir custos de produción e remuneración do traballo.

Fronte aos abusos das industrias lácteas, a Dirección do Leite do SLG anima ás gandeiras e gandeiros a denunciar a imposición de ofertas extemporáneas ou fóra de prazo como medida para evidenciar estas irregularidades contractuais, ao tempo que recomenda dirixirse á Axencia de Información e Calidade Alimentaria (AICA) para trasladar información sobre as industrias que están a operar estes incumprimentos.

A renovación de contratos

No SLG proporemos á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura que a oferta de renovación de contratos sexa asinada ante a Administración, nas Oficinas Agrarias Comarcais, procurando que esta actúe como mediadora a fin de corrir os desequilibrios de poder que están a condicionar a cadea de produción láctea.

Ademais, queremos facer fincapé en que é totalmente intolerábel que a día de hoxe a Xunta de Galicia siga sen proporcionar índices oficiais de custos de produción.

Cando a Xunta de Galicia e o Ministerio permiten que as industrias impoñan unha baixada de prezo masiva como a que aconteceu agora están sendo cómplices do aceleramento do continuo peche de granxas que padece o noso país, levando ao sector lácteo a posicións irrecuperables na produción de leite.

Previsiblemente as consecuencias estenderanse ademais fóra do propio sector, xa que non só temos que ter en conta as granxas, senón todas aquelas actividades produtivas que dependen do sector lácteo galego e do emprego que este xera no rural.

Os custos de produción duplicáronse neste 2023

A día de hoxe, en comparación co ano pasado os custos de produción duplicáronse en cuestións básicas como os pensos, o gasóleo ou os abonos, e triplicouse o custo en electricidade. Ademais, no caso das gandeiras e dos gandeiros, a eliminación do IVE de determinados produtos alimentarios -practicamente imperceptíbel para as persoas consumidoras- implicou que as granxas non estean percibindo este 4% mensual de IVE, se ben elas si que seguen pagando IVE naqueles insumos imprescindibles para producir, polo que esta baixada non está a ser financiada nin polo Goberno, nin polos supermercados, nin polas industrias, se non polas persoas produtoras, que ademais agora están sendo ameazadas con novas baixadas de prezo polo leite. Polo tanto, tendo en conta que a tendencia á suba nos custos de produción deste último ano mantense constante, e que os prezos dos

produtos lácteos industriais tamén subiron, resulta totalmente inadmisíbel a intención das operadoras de tentar ampliar as súas marxes de beneficio a costa de estrangular unha vez máis o elo máis feble da cadea: as granxas. Dado que a Lei da Cadea Alimentaria permite claramente que a Administración pública actúe para garantir que o prezo do leite cubra custos de produción e remunere o traballo das gandeiras e dos gandeiros, dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas instamos á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) a intervir inmediatamente fronte a aquelas empresas que están a presionar á xente gandeira para baixar os prezos malia que todos os custos foron aumentando. Así mesmo, animamos á granxas a non asinar ningún contrato que implique unha baixada con respecto ao prezo asinado anteriormente.

AXUDAS ▶ Problemas de funcionamento no MELLES, erros na Orde publicada e escaso prazo de solicitude son os principais obstáculos nas tramitacións

Denunciamos incidencias na tramitación de axudas para persoas agricultoras mozas

Esiximos que se manteña a posibilidade de solicitar plans de mellora ás persoas solicitantes da axuda na campaña anterior

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba, dirixiuse a finais de febreiro á Consellaría do Medio Rural para denunciar as múltiples incidencias presentes na convocatoria da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, para o apoio a investimentos nas explotacións agrícolas e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións e se convocan para o ano 2023, que conta cun mes de prazo para a súa solicitude.

O proceso de tramitación da mesma por parte do persoal técnico do SLG-CCLL está a evidenciar numerosos obstáculos que afectan directamente ás posibilidades de acceso das persoas agricultoras mozas. Por unha parte, constátanse problemas no funcionamento do MELLES, a aplicación informática para a súa tramitación, que afectan por exemplo á xeración de documentos como o Anexo VII. Por outra, o propio texto da Orde está a resultar problemático, ao presentar erros que afectan ás fórmulas para o cálculo dos módulos de certos investimentos, dificultando o asesoramento ás solicitantes e a elaboración dos estudos económicos. Tamén se realizaron modificacións nos criterios de cálculo económico do plan empresarial, o que obriga a refacer



Captura do Diario Oficial de Galicia número 24 do venres 3 de febreiro de 2023.

e repensar expedientes que xa estaban en proceso.

Canda estas incidencias chama a atención a modificación de criterios políticos na formulación da mesma, que precisamente provocarán aínda máis dificultades no seu acceso por parte daquelas persoas que se queren incorporar a unha actividade tan esencial para toda a sociedade como é a produción de alimentos, e na que as estatísticas vaticinan que 6 de cada 10 profesionais do sector estean xubiladas/os no ano 2030.

Requisitos das beneficiarias

O Artigo 31.1. "Requisitos das persoas beneficiarias" indica a necesidade de: "ser titular dunha explotación agraria inscrita, polo menos cunha antigüidade dun ano, no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia excepto para as persoas mozas que soliciten nesta mesma convocatoria a axuda para a creación de empresas

para as persoas agricultoras mozas, ou que se produza unha fusión entre diferentes explotacións".

Este cambio de redacción con respecto á convocatoria pasada deixa fóra destas axudas granxas de nova creación que terían que agardar un ano para consolidar o seu proxecto de incorporación. A Orde deste ano especifica que as persoas solicitantes da axuda de incorporación xunto coa axuda de apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas da anterior anualidade, non poderán agora solicitar de novo a axuda de apoios aos investimentos nas explotacións agrícolas (plan de mellora), tanto se teñen esta liña aprobada na anterior anualidade como se non. Ademais de resultar totalmente inxusto que se retire este apoio ás persoas mozas que deciden iniciar un proxecto agrogandeiro, a prohibición deste aspecto non fica recollido como tal na Orde.

A Xunta denega a axuda de incorporación a 74 granxas que cumprían os requisitos

Asemade, cómpre lembrar tamén que, como xa denunciámos a comezos de febreiro, a resolución desta Orde correspondente á convocatoria do 2022 tivo lugar unha vez estaba iniciado xa o prazo de solicitude da nova convocatoria 2023, procedemento que non só non se axusta aos prazos de resolución establecidos pola Administración, senón que dificulta inda máis o proceso para as granxas solicitantes. Por unha banda, aquelas persoas que iniciaron durante o ano 2022 o proceso de instalación inicial contando con obter esta axuda, perden agora a posibilidade de solicitala, ao seren xa titulares de granxas, precisamente por terse tomado o traballo de ir arrancando xa o proxecto. Ademais, as persoas que teñan posibilidades de obter a axuda nesta nova convocatoria, perderon varios días do prazo establecido para a mesma -aberto actualmente-, ao decatarse tarde da súa denegación.

Á vista destas numerosas incidencias, dende SLG vimos de solicitar formalmente á Consellaría do Medio Rural a ampliación do prazo de presentación das solicitudes de axuda -que, reiteramos, habida conta da súa complexa tramitación e da importancia de fomentar a incorporación á actividade agraria debería ficar aberta durante todo o ano-, a modificación do Artigo 31.1 e que se permitan solicitar plans de mellora aos solicitantes de axuda da campaña anterior.

SECTOR APÍCOLA ▶ O SLG activará unha campaña multisectorial para reivindicar á Xunta unha estratexia real de loita contra a vespa velutina

O SLG activará unha campaña para reivindicar á Xunta unha estratexia de loita contra a vespa velutina

Demandamos apoio á produción, racionalización da burocracia, transparencia na comercialización, PAC e loita contra a velutina

O apicultor e membro da Executiva Nacional do SLG-CCLL, Brais Álvarez, e o Coordinador da Área de Apicultura, Diego Sánchez Agra, presentaron o pasado 10 de febreiro en rolda de prensa no local nacional do Sindicato Labrego Galego en Santiago de Compostela unha batería de demandas urgentes que o sector apícola galego trasladou hoxe ás Consellarías do Medio Rural e Medio Ambiente, así como á Delegación do Goberno na Galiza, a través do rexistro das mesmas e solicitude de xuntanzas realizado polo SLG.

En primeiro lugar, Agra e Álvarez salientaron a necesidade de que, ao igual que se outorgaron a outros sectores para paliar os efectos da guerra de Ucraína, as administracións públicas activen axudas directas por colmea ao sector apícola profesional para poder superar este grave momento de crise. “Estas axudas directas contribuirían a compensar parcialmente o sobre custe de mantemento das colonias de abellas e a perda de produción, nun contexto de grave crise de mercado”, explicou o coordinador da área de apicultura no SLG, concretando: “Demandamos un importe de axuda de 10 €/colmea para el total de colmeas censadas no REGA a data 1 de xaneiro del 2022 e xestionadas por ATP, con un límite de axuda por explotación de 1.000 colmeas.”

Aliás, habida conta de que



Brais Álvarez e Diego Sánchez Agra en rolda de prensa no local nacional do SLG.

nas granxas apícolas, tanto estantes como transhumantes, o combustible é un dos custes de produción que condicionan en gran medida a viabilidade dos proxectos, demandamos a inclusión dos apicultores/as profesionais entre os sectores aos que se prorroga en 2023 a axuda de 20 céntimos por litro de combustible.

Dificultades burocráticas

Outra das preocupacións do sector é a elevada carga burocrática que condiciona a actividade profesional: “O MAPA debe atender con flexibilidade ás particularidades do sector na futura aplicación dos reais decretos de trazabilidade, identificación e rexistro de determinadas especies animais, así como de veterinario de explotación e plan sanitario integral.

Estas esixencias, que pretenden unicamente facilitar o traballo da Administración, non aportarán ningunha mellora ás granxas apícolas e ás persoas consumidoras, mentres que prexudicarán enormemente ás granxas apícolas familiares e

profesionais”, advertiu Agra.

O membro da Executiva Nacional do SLG, Brais Álvarez, abordou as preocupacións que no sector está a suscitar a entrada de meles de distintas calidades, e en ocasións de procedencia non transparente: “no momento de maior nivel de importacións de baixa calidade da serie histórica é imprescindible que os gobernos mostren a súa determinación de cara a facilitar información transparente a consumidoras/es sobre a orixe dos produtos apícolas que consumen”. Neste senso, dende o SLG consideramos que débese aproveitar a próxima Presidencia española do Consello da Unión Europea para liderar a nivel europeo a modificación da Directiva do Mel e do Código Aduaneiro da Unión, co obxectivo de que a verdadeira orixe dos meles comercializados no Estado español se reflicta correctamente na súa etiquetaxe: “esiximos un maior control da calidade dos meles importados, así como das posíbeis adulteracións e do mel envasado no mercado”, insistiu Álvarez.

Unha PAC para as apicultoras

As demandas do sector apícola pasan tamén por esixir unha Política Agraria Común no que poidan ter cabidas os apicultores e as apicultoras, por exemplo habilitando pagos asociados por número de colmeas, igual que se fai con outras especies gandeiras, así como establecer ecoesquemas para esta actividade agraria e non restrinxir as axudas do 1º piar só á declaración de superficies, que non ten sentido na actividade das abellas.

Dadas as circunstancias de afectación da Vespa velutina nos apiarios e os efectos do cambio climático, incluso a abellerías que non practican transhumanza vense na obriga de mover colmeas entre os distintos apiarios estantes, polo que dende o SLG reclamamos que os compromisos de mantemento do número de colmeas declaradas para as axudas de agroambientais do 2º piar, poidan cumprirse no cómputo xeral dos apiarios dunha mesma persoa apicultora e non en cada un deles.

Ao respecto do grave problema que na Galiza está a supor o avance e expansión da velutina, non só para as colmeas, se non tamén para as producións de froita e viño, Álvarez criticou: “este asunto foi deixado de lado polas administracións públicas dende a invasión desta especie exótica, tendo que ser as abelleiras as que fixesen a loita pola súa conta”. A fin de activar unha maior implicación política nesta problemática, Sánchez Agra, anunciou o inicio dunha campaña conxunta dos distintos sectores afectados para reclamar unha loita por parte destas administracións.

PEPAC ▶ A Xunta propón eliminar do PEPAC 40M para zonas con limitacións naturais, 11M para cultivos sostíbeis e 7,5M de gasto público total

Denunciamos a eliminación de fondos PAC para disimular a deficiente dotación orzamentaria para ecolóxico

Esiximos que a cobertura das agroambientais de ecolóxico non se realice a costa de reducir partidas con alto nivel de execución

As protestas do sector fronte ás incidencias provocadas pola deficiente xestión de fondos para a agricultura ecolóxica e zonas desfavorecidas que impediu que un importante número de granxas puideran acceder a axudas públicas para as que cumprían os requisitos para ser beneficiarias, motivou que a Xunta de Galicia realizara unha proposta de modificación do Plan Estratéxico da PAC 2024-2027 (PEPAC) de cara ás solicitudes de axudas agroambientais para a agricultura ecolóxica que se realizarán no ano 2023-2027. Esta proposta de modificación foi tratada a finais de febreiro no Comité de Seguimento Rexional do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común 2023-2027, onde foi aprobada e será trasladada hoxe ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA).

A gandeira e técnica en Política Agraria Común (PAC) no Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), Ana Rodríguez, presente nesta xuntanza, chama a atención sobre o feito de que no texto aprobado figuran cuestións que non foron tratadas nos encontros preparatorios ca Consellaría do Medio Rural (CMR), o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) e/ou outros departamentos administrativos da Xunta de Galicia. Ademais, ningunha das emendas presentadas polo Sindicato Labrego Galego foron incorporadas nesta proposta. Varias delas constituían observacións que tiñan que ver ca procedencia dos fondos que a Xunta pre-



O pasado 21 de decembro nunha concentración do Sindicato Labrego Galego fronte ao Parlamento de Galicia (Compostela).

tende derivar para cubrir as axudas agroambientais de ecolóxico.

Datos do Programa de Desenvolvemento Rural

Os últimos datos do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galiza 2014-2022, revelan con claridade que entre as medidas de maior grao de execución están as agroambientais e os pagos a zonas con limitacións naturais e outras limitacións específicas.

A porcentaxe de eficacia total de medidas como as de áreas de montaña e zonas distintas ás de montaña, por exemplo, estaban por riba do 80%. De feito, todas as medidas que teñen que ver coa agricultura e gandería teñen un nivel de execución moi alto, contrastando con outras medi-

das que non chegan ao 40% de eficacia. Á vista destes datos, a representante do SLG-CCLL solicitou no Comité de Seguimento Rexional do PEPAC que o orzamento preciso para cubrir as axudas agroambientais para a agricultura ecolóxica que se realizarán no ano 2023-2027 non foran obtidos a costa de reducir fondos das medidas que historicamente mellor funcionaban, como finalmente se fixo.

En primeiro termo, a Xunta decidiu unha diminución de 40 millóns de euros asociadas á medida de zonas con limitacións naturais. “Se ben a Xunta afirma que vai convocar estas axudas nos anos 23, 24 e 25 con fondos sobrantes do PDR 2014-2022, os cálculos revelan que sería preciso dispor de alomenos 60 millóns de euros para

cubrir estas tres convocatorias, pero dende o Sindicato Labrego Galego non temos ningún dato que garanta que existe unha dispoñibilidade real destes fondos”, alerta Rodríguez.

Unha segunda sustración de fondos sería aplicada na medida de rotación de cultivos sostíbeis, de onde se extraerían 10.855.750€. “A Consellería argumentou que pensa que esta intervención non vai ser atractiva para as persoas posibles solicitantes. Dende o Sindicato Labrego Galego consideramos que este non é un argumento sólido para operar unha redución de varios millóns de euros nas contías das axudas. Primeiro polo menos deberían convocalas, e a partir de aí extraer algún criterio”, sinala a técnica do SLG especialista na PAC.

Diminución do gasto público do Plan Estratéxico da PAC

A modificación presentada pola Xunta tamén diminúe gasto público total do PEPAC en 7.500.000 euros, neste caso de financiación autonómica e do Estado, trasladando os fondos de intervencións cun cofinanciamento FEADER do 65% a un cofinanciamento FEADER do 80%. “Non resulta coherente eliminar fondos de medidas de apoio ao sector para dotar de orzamento outras, en todo caso a solución é aumentar os fondos, no movelos dun lado para o outro. Dende o Sindicato Labrego Galego consideramos, e así o trasladamos na xuntanza do PEPAC, que en ningún caso se debe

eliminar ningunha partida orzamentaria, polo tanto estes sete millóns e medio, así como o resto de contías indicadas, deben seguir figurando no cadro previsto”, explica a representante do SLG-CCLL.

Dende o Sindicato Labrego Galego seguiremos atentas á evolución da estratexia de xestión de fondos do PEPAC, sen perder de vista que casos previos de negligente xestión de fondos públicos por parte da Xunta de Galicia deixaron fóra destas convocatorias persoas que cumprían os requisitos para obtelas.

SANEAMENTO ▶ O Sindicato Labrego acompañou a ganderías afectadas na Terra Chá a unha xuntanza co Director Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias

Esiximos ao Director Xeral de Gandería solucións para as eivas da campaña de saneamento animal

Dende outubro granxas afectadas veñen denunciando problemáticas vinculadas ás deficiencias do saneamento animal

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) acompañou, a través da coordinadora comarcal da Terra Chá, Margarida Prieto Ledo, ás ganderías Josefina Cillero Chao da Balsa (Muras), Henar Román Fernández Labrada (Abadín) e Senén Lamelas (Fanoi) á entrevista concedida a solicitude do SLG para trasladar ao Director Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias, Silvestre José Balseiros Guinarte, os problemas que están a sufrir as granxas por mor do prolongado mal funcionamento do servizo de saneamento animal.

As granxas da comarca levan organizándose e denunciando dende outubro do ano pasado unha situación que non só está a incrementar a súa carga de traballo e provocando un considerábel aumento de custos e perdas, senón tamén infrinxindo un deterioro importante do medio debido á redución da carga gandeira e ao cambio e manexo dos animais, supoñendo o desprestixio das granxas afectadas e incrementando as dificultades que impiden que a xente moza fiquen ou se incorpore á actividade agraria, acentuando o despoboamento das áreas rurais.

Ademais, todo isto repercute tamén no estado de ánimo dos gandeiros e das ganderías, implicando nalgúns casos trastornos emocionais porque o sustento de moitas familias está en grave risco.



De esquerda a dereita: Senén Lamela Castiñeira, Henar Román Fernández, Josefina Cillero Chao, Margarida Prieto Ledo.

Batería de medidas concretas

Solicitouse que a campaña de saneamento teña lugar entre abril e maio nas zonas de granxas en extensivo; que se realice a proba comparada cando se faga a campaña; axilidade e rigor nos diagnósticos; o establecemento de vinculacións atendéndose á realidade do manexo das explotacións; informes detallados dos resultados das probas de todos os animais de cada granxa; unha axuda económica ás granxas afectadas pola perda de rendibilidade e de ingresos; o establecemento de indemnizacións proporcionais ao valor de mercado dos animais sacrificados; a posibilidade de ter dúas ou máis barras no mesmo CEA cando os animais non se vinculen; que os animais en seguimento deixen de ter esta condición unha vez que pasen unha nova campaña e non sexan reaccionantes; que para considerar unha zona ou granxa de risco os antecedentes que se teñan en conta se baseen na positividade real dos animais, non en reaccionantes, e nun espazo de tempo non superior a dúas campañas; que en igualdade de condicións sanitarias se teñan as mesmas normas para as granxas afectadas e que as granxas inmovilizadas podan mandar os xatos para calquera cebadeiro.

Das propostas realizadas polas ganderías e gandeiros asistentes á xuntanza, Balseiros comprometeuse a que a partir de agora as campañas se

fagan na primavera, que é a época máis idónea, e quedou en estudar a posibilidade de que as/os ganderías/os teñan acceso a todos os resultados das

probos online na oficina virtual, en lugar de ter que pedilo cada gandeiro como está a acontecer na actualidade.

A Consellaría tamén se comprometeu a valorar poder facilitar ás ganderías información do historial sanitario dun animal, antes de mercalo e incorporalo, así como a actualizar as vinculacións entre as propias ganderías, dado que as actuais non se corresponden coa realidade.

Non resultou con todo receptivo o Director Xeral de Gandería ante a proposta de que se active unha solicitude de axudas para compensar a estas granxas, aínda que dixo que se comprometía a valoralo, ao tempo que informou de que por parte do Ministerio estanse a revisar os baremos de indemnización.

Dende o SLG seguiremos acompañando ás ganderías e aos gandeiros afectados e dirixíndonos a tódalas instancias administrativas pertinentes até que sexan solucionadas as numerosas deficiencias do servizo de saneamento animal.

GRANXAS ABERTAS ▶ O 28 de febreiro pasamos unha fantástica xornada en Friol, onde coñecemos a produción de Traloagro e a granxa Casa Bértolo

O Sindicato Labrego organizou unha xornada de granxas abertas en Friol



Comezamos a andaina da man de Isabel, grazas á que coñecemos a produción de Traloagro, gandaría ecolóxica especializada en vacún e avícola de carne ecolóxica.

A seguir, acompañadas por Concha e Xurxo, visitamos a granxa Casa Bértolo, que produce leite ecolóxico, e a súa queixaría de bioconstrucción, onde podemos degustar o seu valioso e tradicional manxar.

Xa de tarde, adentrámonos na ecotenda que Traloagro fixo realidade (Ecotenda Traloagro). Nela comercializan a súa produción, converténdose nun referente de carne ecolóxica na Galiza. Graciñas a Traloagro e a Casa Bértolo por abrírnos as súas granxas!

Nas imaxes, algúns dos momentos do encontro en Friol coas compañeiras Isabel (Traloagro), Concha e Xurxo (Casa Bértolo) e todas as persoas participantes que viñeron rematar o mes de febreiro con nós.



BENESTAR SOCIAL ▶ O texto para o Servizo Galego de Atención á Dependencia foi rexeitado con 13 abstencións e 5 votos en contra dos 27 emitidos

As organizacións do Consello Galego de Benestar Social bloquean a proposta da Xunta para o SAF

A proposta da Xunta é das máis baixas do estado e non garante salarios dignos para as persoas traballadoras


Como é sabido, e padecido, a día de hoxe as políticas de atención á dependencia da Xunta de Galicia son totalmente deficientes. As persoas que precisan esta asistencia de maneira urgente son abandonadas durante meses en listas de espera.

O financiamento do servizo é manifestamente insuficiente e, ademais, cando a Xunta fai propostas non se trata de medidas que aporten solucións reais, senón meros parches, cando non textos que son presentados como grandes avances pero agochan recortes.

Este foi o caso do Decreto que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, no que ao ler o borrador descubrimos que pretendía unificar o recoñecemento do grao de dependencia e a aprobación do Programa Individual de Atención (PIA) nun so, impedindo a percepción de atrasos por parte das persoas usuarias.

O compromiso que se agarda

Hai catro anos solicitouse neste Consello un debate en profundidade para realizar unha avaliación conxunta e unha reflexión global sobre o desenvolvemento do Sistema



Unha mostra de hai uns meses nunha manifestación en Compostela na defensa do valor necesario dos servizos públicos.

para Autonomía e Atención a la Dependencia (SAAD) e, en xeral, da atención á dependencia na Galiza, por parte de quen preside este Consello houbo o compromiso reiterado en varias ocasións de poñer a andar un grupo de traballo pero Pleno tras plenos fóisenos dando largas sen concretar ese grupo.

Dende as organizacións sindicais que subscribimos esta denuncia estamos fartas de que se nos tome o pelo, de que se nos pretenda utilizar como marionetas para validar e branquear as súas políticas de recortes, mentres as persoas dependentes, morren esperando a que se lles chame para a valoración do grao ou aprobe un PIA, acaban tendo que reclamar no xulgado os seus dereitos eles ou en moitos casos os seus familiares.

De feito, son varios xa os fallos xudiciais condenando a Xunta a pagar atrasos, sentenzas sistematicamente recorridas polos servizos xurídicos da Xunta, que non só non está a implementar uns servizos que garantan os dereitos recollidos na Lei de dependencia, senón que

ademais emprega os cartos de todas e todos nós para exercer violencia institucional nos xulgados contra as persoas e as súas familias cando a xustiza confirma que a Administración pública está a vulnerar os seus dereitos.

Por iso, cos nosos votos en contra e 13 abstencións, foi rexeitado o proxecto de disposición administrativa de carácter xeral pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar das persoas en situación de dependencia que a Xunta quere fixar en 12 euros. Actualmente noutras comunidades estanse licitando por encima dos 18 euros a hora para poder garantir a subida do IPC e cumprir os convenios, polo tanto a subida a 12 euros da aportación da Xunta é totalmente insuficiente, e aboca os concellos a unha situación insostible o ter que facer eles fronte a suba.

O valor preciso dos coidados

Hai apenas uns meses grande parte da poboación deixou ben claro que apoia as reivindicacións destas traballa-

doras, na súa meirande parte mulleres, e que realizan un dos traballos desta sociedade: coidar.

Para que os salarios destas traballadoras cumpran ca suba do IPC dos dous últimos anos, que ronda o 12%, ten que incrementarse a aportación da Xunta que na actualidade é das máis baixas do Estado (Madrid 18.61 e Andalucía 15,45). A proposta de 12€/h. realizada hoxe pola Xunta é tan indignante que até a patronal se abstivo.

Denunciamos así mesmo o deficiente funcionamento do Consello Galego de Benestar Social, esiximos o cumprimento dos acordos aprobados no mesmo e apremiamos a que se doten de recursos reais e se poñan a traballar dunha vez para ter un Sistema de atención a Dependencia que de cobertura a todas as persoas dependentes, unha cobertura de calidade, e que as persoas non teñan que estar neles espera ou morrer antes de ter acceso as prestacións, e así mesmo se podan garantir salarios dignos e condicións dignas para as súas traballadoras do SAF.

COGAMADS ▶ Denunciamos a distorsión das funcións propias dos órganos de consulta social como o COGAMADS por parte da Xunta de Galicia

Esiximos que o COGAMADS sexa unha ferramenta real de participación cidadá

Solicitamos saber cantas granxas foron excluídas pola das axudas á produción ecolóxica nos espazos protexidos

O vogal do Sindicato Labrego Galego no Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS), Diego Sánchez Agra, interpelou á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda durante a presentación do Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) das Fragas do Eume realizada na sesión celebrada o 14 de febreiro.

Sánchez Agra instou a consultar coa Consellería do Medio Rural o número exacto de expedientes de axudas de ecolóxico que quedaron fóra de aprobación no conxunto dos territorios situados dentro dos espazos naturais protexidos, habida conta de que a Directora Xeral de Patrimonio Natural subliñou o feito de que nestas zonas constátase un forte despoboamento e un descenso elevado da actividade labrega, quedando como alternativas viábeis as producións diferenciadas, como a agricultura e gandería ecolóxicas.

Alíás, e tamén centrándose no PRUX das Fragas do Eume, o vogal do SLG no COGAMADS solicitou saber se se van activar accións concretas a desenvolver para loitar contra a invasión de cultivos forestais con especies alóctonas (eucalipto) ou a presenza de liñas eléctricas prexudiciais para a fauna salvaxe, detectadas como ameazas polo propio equipo redactor do Plan Reitor.



Imaxe dunha manifestación contra a aprobación masiva de parques eólicos en Carral.

Distorsión das funcións propias dos órganos consultivos da Xunta

Como lamentabelmente vén sendo habitual nas últimas sesións do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel, tanto o representante do SLG como doutras organizacións como a Confederación Intersindical Galega (CIG) e a Universidade da Coruña (UDC), víronse na necesidade de alertar sobre a distorsión das funcións propias dos órganos consultivos da Xunta de Galicia, como é o propio caso do COGAMADS, que a día de hoxe “só serven para que o Goberno galego vaia a expoñer as distintas normativas, regulamentos e documentos de planificación de cara a poder dicir que se cumpriu o trámite de participación social, sen que se abra ningún debate ao respecto.

De feito, nesta sesión a Secretaria tentou pasar ao seguinte punto da orde do día sen abrir rolda de participación das persoas representantes das organizacións sociais, e sen que se recolla ningunha das propostas emanadas destes órganos,

máis aló de quedar reflectidas nunha acta”, denunciou Agra.

Na súa crítica, o SLG, a CIG e a UDC reiteraron a importancia de avaliar e debater documentos que non son estritamente de regulación ambiental, máis nos que é necesario que pasen pola análise do órgano de medio ambiente, así como a pertinencia de que se traballe para emitir informes e ditames ao respecto, citando expresamente a necesidade de abordar o Plan Eólico e a Lei do Litoral.

Neste senso, instaron tamén á Conselleira de Medio Ambiente e Presidenta do COGAMADS, Ángeles Vázquez, a desatascar o conflito aberto tras o reiterado bloqueo nos últimos plenos do Consello da votación dunha posible moratoria eólica, e por mor do cal tres organizacións ecoloxistas continúan a ausentarse do COGAMADS en sinal de protesta.

ALUGUEIRO ▶ A vogal do Sindicato Labrego Galego no Consello Galego de Benestar solicitou a revisión do caso dunha perceptora de Redondela de pensión non contributiva

Confirmada a discriminación de colectivos vulnerábeis no acceso ao complemento de alugueiro grazas á denuncia do SLG

Demandamos a revisión dos expedientes de persoas en situación de vulnerabilidade ás que se teña negado a axuda para o alugueiro

No mes de novembro do pasado ano, a vogal do Consello Galego de Benestar en representación do Sindicato Labrego, Margarida Prieto Ledo, dirixiuse a este órgano, á Dirección Xeral de Maiores e Atención Socio-sanitaria e á Valedora do Pobo para alertar da existencia de casos de persoas en condición de vulnerabilidade social perceptoras de pensións non contributivas ás que a Administración pública está a denegar unha prestación fundamental para a súa supervivencia, como é o complemento por alugueiro.

O caso que fixo saltar as alar-



Nas mans da compañeira Margarida Prieto a denuncia ante a Valedora do Pobo.

mas no SLG foi o dunha muller de leva vivindo e pagando alugueiro na mesma vivenda en Redondela dende o ano 1973, á que se lle denegou o complemento que viña percibindo dende facía máis de dez anos.

Nese momento, dende o SLG solicitamos que por parte do Consello Galego de Benestar Social se iniciasen os trámites

diantes do correspondente departamento da Consellería de Política Social para que á maior brevidade posíbel se investigase o caso concreto denunciado, así como a revisión de casos similares. Froito desta solicitude, na reunión do Consello do 21 de decembro conseguíuse acadar o compromiso de revisar de oficio o complemento por alugueiro desta muller.

Recoñecido o dereito ao complemento de alugueiro

Confirmando a denuncia realizada pola nosa vogal no Consello Galego de Benestar, a Consellaría de Política Social e Xuventude vén de recoñecerlle o dereito ao complemento de alugueiro de vivenda.

Dada a posibilidade de que a discriminación sufrida por esta persoa poida estenderse a este colectivo conformado maiormente por maiores con baixos recursos, dende o SLG solicitamos que por parte do CGBS se inicien os trámites correspondentes diante da Consellería de Política Social para que á maior brevidade posible se investiguen os casos de persoas perceptoras de pensións non contributivas ás que se lles estea a negar o complemento por alugueiro.

EÓLICOS ▶ Solicitamos entrevista co delegado do Goberno español para esixir o cumprimento de protección da produción de alimentos

Instamos ao MITECO a paralizar os PE en tramitación até ser aprobada a Zonificación Agroambiental da PAC

Demandamos tamén á Xunta a suspensión de tódalas tramitacións de polígonos eólicos até contar ca nova delimitación

O pasado mes de xaneiro entrou en vigor a Política Agraria Común para o novo período 2023-2027, a cal procede a regular a Zonificación agroambiental para a implantación de enerxías renovábeis. Polo tanto, nun prazo máximo de tres meses, o Goberno central ampliará a ferramenta "Zonificación ambiental para a implantación de enerxías renovables", elaborada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), que pasará a denominarse "Zonificación agroambiental para a implantación de enerxías renovables", e que procura mitigar os prexuízos que a intensiva industrialización enerxética do medio rural está a provocar na actividade agrogandeira e, polo tanto, na produción e fornecemento de alimentos á cidadanía.

Habida conta desta inminente modificación, incompatíbel coa recente aprobación acelerada e masiva de proxectos forzada polo MITECO e a Xunta de Galicia, dende o SLG solicitamos a comezos de febreiro unha entrevista co Delegado do Goberno, José Manuel Miñones Conde, para demandar a paralización da tramitación de polígonos industriais eólicos.

Trasladaremos a vital importancia que para Galiza ten o mantemento da nosa xa de por si escasa Superficie Agraria Útil (SAU), que malia ao noso potencial como país produtor dun ben tan esencial como é a alimentación, o abandono institucional ten reducido a un limitado 21%.

Solicitamos tanto ao MITECO como á Xunta de Galicia a inmediata paralización, tanto daqueles proxectos en tramitación como daqueles dos que inda non está publicada a súa aprobación, para adaptalos a esta nova zonificación en aras de salvagardar a supervivencia do noso agro e do noso medio rural.

MINA SAN ACISCLO ▶ O pasado domingo 26 de marzo esiximos a admisión dos recursos xudiciais presentados e a revocación dos permisos concedidos pola Xunta de Galicia (Muras)

Concentración contra a mina San Acisclo

Actualmente están interpostos recursos de reposición por parte da veciñanza, organizacións ambientalistas e o SLG

Veciños e veciñas de Silán (Muras, Lugo) e o Sindicato Labrego Galego convocaron unha concentración na zona da polémica mina San Acisclo (Muras) o pasado 26 de marzo para esixir a admisión dos recursos xudiciais presentados e a revocación dos permisos concedidos pola Xunta de Galicia. Actualmente están interpostos recursos de reposición por parte da veciñanza, organizacións ambientalistas e o SLG, nos que solicitamos a suspensión da autorización da actividade mineira por parte da Xunta de Galicia, para a cal non consta ademais a existencia dunha licencia municipal.

As irregularidades da mina

Como xa temos denunciado en reiteradas ocasións, son múltiples as irregularidades presentes na mina San Acisclo, comezando porque esta concesión e o seu proxecto encádranse na Proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia (Decembro 2011), vulnerando a Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres. Ademais, a zona a explotar está situada na área de amortecemento e no contorno de protección do ben do patrimonio cultural de Galiza denominado Mámoa do Chao do Navallo -catalogado con código GA27033036-, e que non conta cos necesarios informes de Augas de Galicia, nin con Estudo de Impacto Ambiental.

Esta concesión mineira vén



Imaxes da concentración contra a mina de San Acisclo de Silán (Muras) o pasado domingo 26 de marzo.

acumulando irregularidades dende a súa solicitude na década dos noventa. Coa concentración esiximos á Xunta de Galicia a tramitación dos recursos presentados polas organizacións sociais e a anulación da autorización outorgada a esta mina, por tratarse dun proxecto que carece das preceptivas autorizacións de augas, ambiental e urbanística.

Á dereita, a nosa compañeira Margarida Prieto Ledo, Responsábel na Loita contra o Acaparamento de Terras no Sindicato Labrego Galego.



As consecuencias da mina San Acisclo no noso territorio

De xeito explícito facemos fincapé novamente en que esta explotación mineira a ceo aberto prevé a súa localización a escasos metros da Rede Natura 2000 ZEC e ZEPVN "Serra do Xistral", sobre zonas protexidas de Augas Potables que se solapan coa Rede Natura 2000 e sobre masas soterradas de auga tamén solapadas coa Rede Natura 2000. Destacamos tamén a severa afección aos recursos hídricos e ao val fluvial do Río Landro que solapa coa Rede Natura 2000 "Serra do Xistral" con afección crítica á conectividade ecolóxica, así como a afección severa a especies de fauna e flora catalogadas como vulnerables e en perigo de extinción e a afección grave á Reserva da Biosfera "Terras do Miño".

Ademais, dende o SLG queremos chamar a atención tamén sobre a situación de indefensión na que se atopa unha das persoas cuxa vivenda sería afectada severamente pola actividade desta mina, á cal non lle foi permitido persoarse neste procedemento administrativo. Dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas queremos unha vez máis dar a voz de alarma ao respecto das irregularidades que arrodean a xestión administrativa da ampliación da mina San Acisclo, denunciada tamén por outras organizacións sociais do país, e demandamos a súa inmediata paralización e peche definitivo en aras do cumprimento da actual normativa medioambiental.

MARÍA OSORIO LÓPEZ ▶ Moza gandeira do concello de Becerreá (Lugo), na comarca dos Ancares, onde recentemente se fixo cargo da granxa familiar por xubilación de seus pais

"Se non hai xente que produza alimentos o mundo detense"

✓ **Como é o día a día de María Osorio, gandeira de Becerreá na súa granxa?**

Comezo a xornada pola mañá, logo de vestir e meter ao neno no bus. Atendo o rabaño de vianesas que están fóra na parcela, despois limpo as cortes e as vacas que están dentro e vou planificando as tarefas pendentes relacionadas co coidado dos animais e das fincas.

✓ **Tes algún tipo de axuda para levar a granxa adiante?**

Logo da xubilación do meu pai eu pasei a ser a titular. A día de hoxe recibo axudas del, da miña mai e tamén dalgunhas veciñas e veciños. Pero, alén desas axudas, eu son a titular da granxa e, polo tanto, todo o relacionado coa planificación, a orientación do traballo e o coidado da granxa está nas miñas mans.

✓ **Entón daquela falamos do traballo en herdanza, non si?**

Son de familia labrega tanto pola parte de miña mai como de meu pai. Miña mai é filla de labregos na comarca de Sarria (ao principio tiñan vacas de leite e despois pasaron a ter vacas de carne). Meu pai herdou de seus pais a granxa. Entón, dalgún xeito, a nivel familiar sempre estiven vinculada coas vacas. Crieime entre elas e sempre me gustaron moito os animais. Despois fun estudar fóra e pasoume o que lle acontece a moita xente: non me incentivaba moito quedar na casa. O que se prioriza a nivel familiar é que vaías estudar e que busques un traballo fóra. Pero pouco a pouco a cabeza empézache a dar voltas e ves que che gustan os animais e vaise xuntando iso



Osorio conta na actualidade cun rabaño de 25 animais de rubia galega e vianesa.

que cres que é vocacional coa xubilación de teu pai e tes que decidir. Foi aí cando escollín facerme cargo da granxa.

✓ **Na actualidade contas cun rabaño de 25 animais de rubia galega e vianesa. Sempre tiveches a mesma produción?**

Cando meu pai estaba incorporado había máis animais na granxa. Pero como el se ía xubilando foi reducindo os animais e agora eu teño a intención de ir aumentando aos poucos as vacas coas axudas de incorporación.

Antes os animais estaban nun réxime de semiestabulación, é dicir, pacían fóra e viñan durmir á corte. Eu incorporei un rabaño de 11 vianesas, que agora mesmo están sempre fóra, coa idea de extensificar a produción e ver como me ía encontrando con elas. Neste momento, ademais desas vianesas fóra, den-

tro da casa hai 13 vacas e tamén conto con recría (teño 6 vacas para criar de raza da casa, que son maioritariamente rubias, e tamén algún cruce de limusina e angus).

✓ **Ti es unha rapaza nova, María, hai moitas persoas da túa idade que se dedican ao sector?**

Non hai. O prototipo medio de persoa titular de granxa é un home de máis de 55 anos. Para a xente nova está moi complicado. No meu caso teño a sorte de que estaba meu pai antes, pero se teño que comezar de 0 coa granxa ía telo moi complicado ou case imposible. Ademais diso, tamén hai persoas que teñen problemas de acceso á terra e no que se refire ao material de traballo está todo carísimo! Se tes que comprar maquinaria nova e comezar desde 0 eu considéroo bastante complicado. Por outra banda, as

axudas da administración teñen uns requisitos bastante grandes que ás veces se converten en freo para que a xente moza poida incorporarse ao traballo gandeiro.

Eu agora estou co problema da conversión a ecolóxico porque este ano pasado quedei fóra das axudas da PAC... é dicir, hai moitos impedimentos para que a xente nova comece.

Nese senso, un dos temas máis relevantes é o despoboamento. Antes nas casas había xente, veciñas e veciños, había un entorno social que te acollía. Agora as persoas titulares das granxas están practicamente soas. E iso é algo moi custoso a nivel persoal. Tenche que gustar e ser moi vocacional senón hai moitos impedimentos para logralo.

✓ **Conectado co tema dos impedimentos e o despoboamento, cres que en xeral hai un descoñecemento do traballo labrego (o traballo que se fai nas granxas) en canto ás máis novas?**

A nosa profesión non está recoñecida socialmente. Iso tamén reverte nunha autoimaxe negativa e fai que á xente nova non lle apeteza traballar no campo. Moitas veces utilízase un eufemismo moi claro para dicir no que traballas: unha persoa labrega non che di que é labreg@ ou que ten vacas, diche que se incorporou (ri).

E a onde te incorporaches? Pois traballas con vacas e es labreg@ e non pasa nada! Aínda hoxe existe esa mentalidade na poboación de rebaixar o noso traballo e de rebaixar o noso medio rural.

SEGUIR ▶

✓ **E como facemos para romper con ese estigma dunha vez por todas?**

É moi complicado. Levamos moitos anos tanto as organizacións agrarias como a xente que traballa pegada ao territorio tentando reverter esa imaxe, que ademais é falsa. A profesión labrega é fundamental! Demostrouse aí atrás co tema da pandemia. Se non hai xente que produza alimentos o mundo detense. A xente vai pasar fame. E non me refiro só á produción de alimentos, senón ao sostén do territorio. Hoxe na miña comarca se pechan as granxas que hai desaparecen os pobos. O pouco que queda hoxe nas aldeas é porque hai granxas agrarias con vacas. Iso á súa vez fai funcionar a miña vila que é Becerreá.

A xente non é consciente da función social e económica que están facendo realmente as granxas e as persoas que traballamos no campo. Como se soluciona? Haberá que seguir insistindo e facer moito traballo pedagóxico ao mellor nas escolas, para que a cativada saiba o valor que temos a xente labrega e a importancia da nosa profesión.

"A xente labrega ten moito amor polos seus animais e pola súa produción"

✓ **Mudando de tema, María, algúns compañeiros teus de profesión, como Samuel Formoso, recente vogal do SLG na IXP Carne de Vacún de Galicia, adoitan poñerlle música aos becerros. Todo o día escoitan Radio Clásica. Ti tamén fas uso da música? Ou de algo característico para os teus animais?**

(Ri) Eu vou á corte moitas veces escoitando algúns podcast no spotify ou algo de música e sempre se quenda mirándome de forma estraña, pero nunca se



Nas imaxes, as vacas vianesas da granxa de María Osorio na parcela na que pasaron este último inverno (Becerreá, Lugo).

me ocorreu poñerlles música. De todas maneiras, teño que probar porque teño un problema agora cun boi que quere ser un pouco rebelde, entón te-reille que poñer música clásica! (ri).

✓ **Samuel Formoso será o responsable de representar ao SLG na IXP Carne de Vacún de Galicia neste lexislatura. Ti tamén formas parte da candidatura. Que supuxo para ti todo o proceso? Era a primeira vez que ías na listaxe do SLG?**

No meu caso é a primeira vez. Para min foi unha honra que o sindicato se acordase. Fixen campaña todo o que puideron pola zona para axudar a que saíse a vogalía e ao final estamos content@s co resultados porque temos aí a unha persoa

moi valiosa que vai velar polos nosos intereses na IXP. Ademais hai que recordar que a maioría das granxas medias galegas é unha granxa familiar de poucas nais, de media de 25, máis ou menos, e é importante que as que estamos nesa produción teñamos voz na indicación xeográfica para que os intereses da pequena produción sexan escoitados.

✓ **En relación ao "ter voz", tamén comentabas ti no Fouce especial 341 que os Consellos Reguladores son importantes en tanto que son os intermediarios entre as persoas produtoras e a sociedade, poñendo en valor o noso produto, velando polos intereses comerciais das labregas acollidas ás normas de produción.**

Fálanos desta cuestión.

Debería ser así, pero ao final acaban sendo os intermediarios entre a grande produción e os cebadeiros e a sociedade, falseando o traballo que fai a labrega e o labrego cos seus animais, que é un traballo bastante sacrificado, diario, sen descanso, e con moito amor, porque iso hai que destacalo. A xente labrega ten moito amor polos seus animais e pola súa produción. Eles [a agroindustria] o que fan é introducir falsamente carne que moitas veces non é suprema, ou que nin sequera está criada na Galiza, prexudicando non só á marca, senón tamén aos nosos intereses.

Iso é algo que estou segura que o noso vogal, Samuel Formoso, vai traballar para que deixe de suceder e facer presión ao máximo.

SEGUE ►

✓ Xusto falamos esta cuestión con Samuel, comentando o caso das campañas publicitarias nas que usan imaxes dos xatos criados coas nais até os 7 meses para vender unha carne que non é imaxe da TGS suprema. E o noso vogal na IXP comentaba que se tan bo é o deles e tanto gaña a industria con iso, que utilicen a súa imaxe para promover iso. Pero iso non o fan! sempre aparece un xato mamando (ri).

✓ A ver se conseguimos polo menos ser honestas coas persoas consumidoras para que saiban o que están mercando!

Cómpre incidir niso e incidir no valor do noso traballo, xa que aínda estamos traballando a perdas. Non hai que esquecerlo, xa que temos un prezo por debaixo dos custos de produción. Cando falamos da autoimaxe e de como podemos mudar a imaxe que ten a sociedade de nós, a cuestión dos prezos é un tema a ter en conta. Se o noso traballo fose remunerado e valorado, seguramente habería moita máis xente que querría ser gandeira. Temos que comezar por aí! A xente ten que traballar cunha garantía e un horizonte de futuro claro, senón é difícil que as persoas novas se incorporen. Con todo, aínda así, despois de décadas a xente continua loitando pola súa produción.

✓ En relación a iso, de que seguimos aquí pese a todo, e de que ti te incorporaches ao traballo por herdanza, gustaríache que o teu neno tamén fose gandeiro e traballase contigo? Ou que el nun futuro quedase no teu lugar?

Voulle inculcar o amor polos animais e o amor polo traballo e el logo terá que decidir, pero claro que si, se lle gusta eu sempre o animarei. Penso que é importante que as xeracións entre si se apoién, e iso moitas veces non sucede. Para a persoa que se incorpora é complicado xestionar situacións familiares

onde non hai un apoio, un recoñecemento e un impulso. Isto sucede moitas veces maioritariamente no caso de que a que se incorpore sexa unha muller.

"Se o noso traballo fose remunerado e valorado, seguramente habería moita máis xente que querría ser gandeira"



Arriba, unha mostra das vacas que xa había na casa de María Osorio cando a moza de Becerreá se incorporou á granxa do pai tras a súa xubilación. Na fotografía de abaixo, as vacas vianesas pacendo o pasto novo.



FEMINISMO ▶ Do 7 ao 14 de marzo a coordinadora internacional La Vía Campesina reuniu en África (Maputo) 70 representantes de 39 países das súas rexións membro

O SLG participa e coordina a I Escola Feminista de La Vía Campesina en Maputo (Mozambique)

A gandeira de Xunqueira de Ambía e integrante do CC da CEVC, Sonia Vidal, foi unha das responsábeis político-pedagóxicas

A gandeira de Xunqueira de Ambía e integrante do Comité de Coordinación da Coordinadora Europea de La Vía Campesina Internacional (LVC), Sonia Vidal Lamas, participou dende o 7 até o 14 de marzo na I Escola Feminista de LVC, en Maputo (Mozambique).

A compañeira do Sindicato Labrego Galego, canda outras mulleres como a histórica lideresa brasileira do Movimento dos Trabalhadores Rurais Sem Terra (MST), Itelvina Massioli, formou parte da coordinadora político-pedagógica desta convocatoria, desenvolvendo os temas e dándolle forma a esta escola.

“Hoxe é un día histórico para a LVC. Comenza a nosa primeira escola feminista internacional, 68 mulleres de todo o mundo viaxaron a Maputo para este evento, as delegadas veñen dende as Américas, Asia, África e Europa. Estes días van ser fundamentais para seguir nutrindo de feminismo a loita labrega e reforzármonos como mulleres dentro desta coordinadora global”, explica Sonia Vidal.

I Escola Feminista

A través desta I Escola Feminista, a LVC ten como obxectivo formar mulleres formadoras para multiplicar os temas da escola nas rexións, países e demais procesos formativos mixtos de LVC. Durante estas xornadas déronse a coñecer as bases teóricas e as experiencias



Algunhas imaxes das palestras e encontros que tiveron lugar en Maputo. Arriba, á esquerda, a nosa compañeira Sonia Vidal.

prácticas da loita que xurdiron dentro do movemento feminista a nivel mundial, dende miradas feministas e interseccionais, avanzando na comprensión e afondamento do percorrido feminista das mulleres que dinamizan o Feminismo Campesino Popular dentro de LVC. A través do intercambio das diferentes perspectivas das loitas feministas entre as rexións procurouse unificar puntos ideolóxicos en común e bandeiras de loitas compartidas, recoñecendo as ferramentas dispoñíbeis para traballar no concreto.

Asemade, partindo da premisa *Como coidarnos e coidar ás demais?* abriuse un espazo de

intercambio de estratexias de autocoidados, de saberes –sabores– e coidados, ofrecendo un espazo de diálogo con propos-

tas para sandar conflitos, dores... para ampliar e fortalecer os vínculos dentro deste movemento labrego.



Manifestación no 8M dende a Praza da Independencia até a Praza das Traballadoras na que participaron as mulleres da I Escola Feminista de La Vía Campesina.

SECRETARÍA DAS MULLERES ▶ O evento, centrado en identificar as violencias machistas, tivo lugar o 18 e 19 de marzo no Centro Sociocultural A Senra de Bergondo

Un cento de labregas participan no XVII Encontro da Secretaría das Mulleres SLG


Abordamos as múltiples violencias cotiás que afectan ás labregas no eido laboral, educativo, xudicial e da saúde

Ao longo da terceira fin de semana de marzo, o SLG celebrou a decimoséptima edición do encontro anual da Secretaría das Mulleres no Espacio Sociocultural A Senra de Bergondo, baixo o lema “Identificando as violencias e construíndo o bo trato”.

Logo do recibimento dado pola alcaldesa do municipio, Alejandra Pérez Márquez, mulleres labregas da comarca de Betanzos deron a benvida ás participantes que xa se incorporaron á xuntanza dende primeira hora da mañá. A continuación, a Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba, encetou a primeira mesa de análise e debate, titulada “Identificando as violencias do sistema como mulleres labregas”.

As violencias no profesional

Baixo o título “Invisibilizando os proxectos das mulleres labregas” a propia Isabel Vilalba, canda a tamén gandeira e economista especializada en Política Agraria Común (PAC) Ana Rodríguez, presentaron unha análise centrada na identificación de violencias no ámbito profesional, aportando exemplos concretos que xorden no día a día das mulleres labregas, e achegando claves para cuestionarnos como nos afectan como labregas as políticas públicas, así como unha análise específica da PAC dende unha perspectiva feminista.



De esquerda a dereita: María Ferreiro, responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG; Alejandra Pérez, alcaldesa de Bergondo; e Isabel Vilalba, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego durante o acto de benvida ao XVII Encontro.



Arriba a Secretaria Xeral Isabel Vilalba, a afiliada Olga Otero Gómez e a especialista en PAC do SLG Ana Rodríguez. Abaixo, unha imaxe das compañeiras no público.

Abordáronse cuestións como a presenza absolutamente minoritaria de mulleres nos espazos de negociación e representatividade, a necesidade de seguir avanzando na titularidade compartida das granxas ou a denuncia do modelo agroindustrial como un modelo que macrodimensionado que, ademais de degradar a calidade nutricional dos alimentos e impactar negativamente nos territorios onde se instala, afasta das persoas labregas o control sobre as súas propias producións, o que non se corresponde co modelo de produción polo que apostamos maioritariamente as mulleres.

Nós, as mulleres, adoitamos priorizar a calidade das producións e a interrelación entre as mesmas, ademais de asumir un diferenciado compromiso coa agricultura ecolóxica e agroecolóxica.

As violencias no ámbito educativo, na saúde e no xudicial

A segunda parte da mañá abordou as violencias no ámbito educativo da man da labrega afiliada do SLG Belén Fervenza, que relatou a súa experiencia na procura de escola para crianzas, así coma representantes da cooperativa galega de traballo asociado sen ánimo de lucro e con perspectiva de xénero Arabías.

Logo do xantar compartido, elaborado con alimentos achegados polas mulleres participantes, a matrona Esther Parada debullou exemplos de violencias machistas no eido da saúde a través dunha palestra sobre violencia obstétrica. A continuación analizamos tamén as violencias no ámbito xudicial a través da charla “A lei do só sí e sí, máis protexidas ou máis desprotexidas?”, impartida pola escritora e activista feminista Nanina Santos.

No serán, previamente á cea compartida na que tamén degustamos alimentos levados polas mulleres participantes no encontro, a labrega da comarca Carmen de Vilarmajor dinamizou unha cerimonia de intercambio de sementes -tamén denominada “mística” no ámbito das organizacións que integramos La Vía Campesina Internacional-. Esta primeira xornada finalizou co desfrute dun espazo festivo-combativo logo da cea.

Un obradoiro de Tareixa Ledo para autovalidarnos como mulleres labregas

A mañá do domingo estivo protagonizada polo obradoiro “Autovalidarnos como mulleres labregas”, conducido pola académica e activista feminista Tareixa Ledo. Logo do xantar pechamos o encontro visitando un proxecto de horta ecolóxica da nosa afiliada Ana María Rodríguez Lago (Carral), exemplo de compromiso ca responsabilidade de fornecer alimentos sans e saudábeis á cidadanía.



Á esquerda, unha mostra da palestra no ámbito educativo da man de Belén Fervenza e a cooperativa Arabías. Á dereita arriba, Nanina Santos e Isabel Vilalba reflexionando sobre as violencias do xudicial. Abaixo, Esther Parada, especialista en saúde.



O sábado 18 de marzo pola noite gozamos dun dos momentos máis especiais do noso encontro XVII da Secretaría das Mulleres: a cerimonia de intercambio de sementes, dinamizada este ano pola labrega da comarca Carmen de Vilarmajor.



O domingo 19 de marzo visitamos a horta ecolóxica da nosa afiliada Ana María Rodríguez Lago, de Carral.

Política Agraria Común ▶ Un ano máis, chegadas estas datas, unha das maiores preocupacións que temos nas nosas granxas é a presentación da PAC. Este ano, se cadra, é unha preocupación maior, xa que entra en vigor a nova PAC pola que nos guiaremos polo menos até o vindeiro 2027. Unha nova PAC cargada de novidades e cambios e, sobre todo, cargada de moita incerteza e negociada, unha vez máis, de costas ás granxas. Nas vindeiras páxinas tentaremos facilitar a comprensión do que supón para as nosas granxas esta nova Política Agraria Común.

O que debes saber da nova PAC



Unha captura do Portal nova PAC (páxina web do Fogga https://formacion-fogga.xunta.gal/pluginfile.php/1801/mod_resource/content/20/PEPAC%2023-27/men%C3%BA.html) onde se recolle a información actualizada sobre as axudas da nova PAC.

Esta nova PAC vense negociando polo menos dende o ano 2018, mais esta negociación realmente nunca existiu e nunca se intentou integrar os sectores produtivos nela, e moito menos foi tratada de levar en tempo e forma as granxas para que a solicitude da PAC e a propia PAC non se converta en algo terriblemente complexo, incomprendible e irreal para as nosas granxas.

No SLG levamos anos denunciando que esta PAC non é a norma que necesitan as nosas granxas. Levamos anos dicindo que non podemos soportar maior carga burocrática e que temos dereito a que se informe e se escoite ás nosas granxas en todo o que ten que ver coa política agraria. Esta nova PAC aumenta a carga burocrática dun xeito tan elevado e carga de tantas obrigas ás nosas granxas que pon en risco a moitas das pequenas granxas que aínda persisten por todo o país.

Así mesmo, cómpre recordar o desinterese amosado pola propia Consellería de Medio Rural durante todo este proceso. Consellería preocupada máis nos seus proxectos faraónicos e afastados da realidade como as aldeas modelos que de defender as granxas xa existentes nesta negociación da PAC. O desinterese é tan grande e a preguiza de falar co sector tan descarado que aínda a día de hoxe tan só se informou ás labregas dos cambios da PAC a través duns cantos “mitins” nas comarcas que lonxe de aclarar dúbidas, deixa en nós, as labregas, desesperanza por comprobar en primeira man como a nosa administración e incapaz de aportar solucións dende o público para a aplicación da nova PAC. Dende o SLG seguiremos a denunciar que as granxas non podemos soportar máis burocracia, que temos dereito a que todo o asesoramento que vai requirir a nova PAC sexa pú-

blico e gratuíto e que non supoña un gasto a maiores para as nosas granxas, que se nos informe e se nos forme para poder xestionar a nosa granxa e poder decidir que é o que máis nos convén para a nosa granxa. Queremos producir e decidir nós por nós mesmas.

Doutra banda, seguimos a dicir que esta PAC non é útil para as granxas, non serve para mellorar a súa viabilidade económica nin mellorar a súa capacidade produtiva ou fixar novas granxas nas nosas comarcas. Seguiremos a demandar unha simplificación da PAC así como un pago por Unidade de Traballo Agrícola (UTA) e que os fondos PAC vaian parar ás pequenas e medianas producións por ser estas as únicas que fixan poboación, son medioambientalmente sostíbeis e conservan realmente o territorio e a paisaxe galega.

A nova PAC trae un reforzamento da condicionalidade, que

traducido á nosa linguaxe vai supor un milleiro máis de obrigas. Obrigas algunhas destas de moi difícil aplicación no noso país, porque esa é outra, estes últimos 5 anos puidemos comprobar de primeira man como a PAC se fai de costas ao territorio atopándonos agora as labregas con moitos problemas para poder cumprir coas novas obrigas e entrar no sistema. É un ano de cambios en case todo, no mes de decembro foron publicadas todas as normas que nos van a guiar os vindeiros anos: o famoso decreto do purín, o novo regulamento de ordenación das granxas, a norma da nova obrigación do caderno de granxa, etc.

Nas vindeiras páxinas tentaremos achegarvos a información da forma máis sinxela posíbel co fin de poder aclarar moitas das dúbidas que fomos detectando nas asembleas que fixemos o inverno pasado por todo o país.

CONDICIONALIDADE

A Real Academia Española define condicionalidade [entre outras] como:

“Conjunto de requisitos que un Estado u organismo internacional impone, de manera unilateral o convencional, a un Estado beneficiario de su ayuda como condición para su concesión o mantenimiento”.

Entendemos, por tanto, que a **condicionalidade son normas de obrigado cumprimento que as labregas debemos cumprir para poder cobrar as axudas da PAC**. No caso de detectarse incumprimentos destas normas sufriranse penalizacións nos importes da axuda a cobrar.

A condicionalidade xorde como resposta da PAC á sensibilidade da sociedade consumidora de cara ao mantemento dos recursos naturais e produtivos, xa que a actividade agrogandeira inflúe de xeito directo na conservación dos hábitats, das especies, da paisaxe e dos recursos naturais, e pode facelo de xeito positivo ou de xeito negativo.

O cumprimento destas normas de condicionalidade constitúe unha garantía para as consumidoras, que entenden que a súa comida foi producida sen contaminar o solo nin a auga e sen explotar animais nin persoas ao ter en conta estas condicións de percepción de axudas.

As axudas previstas na PAC remuneran as externalidades positivas da actividade agraria, compensando as rendas das labregas por practicar formas de produción que nos permitan manter o noso medio ambiente á vez que proporcionan alimentos seguros.

Os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e medioambientais que deben cumprir as labregas no marco da Política Agraria Común veñen recollidos no Real Decreto 1049/2022 de 27 de Decembro.

A condicionalidade non é

algo novo, xa que vén de vello e xa existía nos anteriores períodos PAC. Segue a dividirse en dous grupos: por un lado **os Requisitos Legais de Xestión (RLX) e por outro as Boas Condicións Agrarias e Medioambientais (BCAM)**.

Nesta reforma da PAC incrementábase a ambición medioambiental, climática e social das normas da condicionalidade.

Quen está obrigada a cumprir coa condicionalidade?

- Labregas que reciban pagos directos [axuda á renda para a sostibilidade, pago redistributivo, axudas asociadas (vacún de leite, vacún de carne, cebo, proteína vexetal), eco-réximes ou o pago por mozo].

- Labregas que reciban axudas ao desenvolvemento rural: zona de montaña, zona desfavorecida ou agroambientais

En que consiste a condicionalidade?

- Cumprir 11 Requisitos Legais de Xestión [RLX]

- Cumprir 10 Boas Condicións Agrarias e Medioambientais [BCAM]

- Como novidade comprese salienta a inclusión da Condicionalidade Social dentro destas normas, que fala do cumprimento da lexislación laboral na granxas con persoal asalariado (cumprir cos dereitos das persoas contratadas nas granxas en soldo, horarios e prevención de riscos laborais).

A condicionalidade social non será de obrigado cumprimento até o 2024. No caso de existir sancións no eido laboral, a autoridade competente na materia comunicarllo ao FOGGA que realizará a correspondente redución nos pagos das axudas (a maiores da sanción da autoridade laboral).

A condicionalidade social non será de obrigado cumprimento até o 2024

REQUISITOS LEGAIS DE XESTIÓN

Os RLX son moi semellantes aos do anterior período, como novidade cómpre salientar que desaparecen as obrigas relacionadas coas encefalopatías esponxiformes e coa identificación e rexistro do gando, e se incorporan novos requisitos relacionados coa auga e co uso sostible de fitosanitarios.

Que desaparezan non quere dicir que non sexa obrigatorio o seu cumprimento, quere dicir que xa non te sancionan vía PAC.

Requisitos legais de xestión novos:

R.L.X. 1: actuacións no ámbito da política de augas:

- As labregas que declaren superficies de regadío ou que reguen deberán **acreditar o seu dereito de uso de auga de rego** concedido pola administración hidráulica competente ou a autorización correspondente para o embalse das augas superficiais.

- Cando se realicen regas, hai que dispor de **contadores de auga** que permitan coñecer os caudais de auga efectivamente empregados.

- Non se poderán realizar vertidos de substancias susceptibles de contaminar con fosfatos as augas continentais ou calquera outro elemento de dominio público hidráulico.

- **Non se poderán apilar estercos, xurros, abonos...** ou outros materiais que conteñan fosfatos en lugares ou condicións que poidan producir lixiviados, escorrentías ou infiltracións susceptibles de contaminar masas de auga superficial ou subterránea ou zonas protexidas.

R.L.X. 8: uso sostíbel de produtos fitosanitarios:

- As granxas teñen que ter un **caderno de granxa** co rexistro de tratamentos fitosanitarios **debidamente actualizado**. Este caderno será dixital a par-

tires de 2024.

- As labregas deberán dispor de capacitación acorde ao uso que fan deste produtos (curso de fitosanitarios).

A manipulación, transporte, almacenamento, limpeza de equipos e eliminación de restos e envases destes produtos farrase de xeito que non poña en risco a saúde das persoas nin o medio ambiente.

- Os equipos de aplicación de produtos fitosanitarios deberá ter as inspeccións en regra (ITEAF).

- Deberase manter unha franxa de seguridade sen realizar tratamentos ao pé de masa de auga e fontes de auga potables.

- En determinadas zonas e para determinados cultivos deberase levar a cabo un programa de Xestión Integrada de Pragas. Os cultivos forraxeiros están exentos de realizar xestión integrada de pragas.

- **Deberanse sinalizar as zonas tratadas e limitar o acceso a estas** segundo as instrucións do produto empregado. No que respecta ao resto de RLX, estes seguen a ser os mesmos ca os do anterior período.

A condicionalidade son normas de obrigado cumprimento que as labregas e os labregos debemos cumprir para poder cobrar as axudas da Política Agraria Común

BOAS CONDICIÓNS AGRARIAS E MEDIOAMBIENTAIS

No que respecta ás BCAM estas **si incluíron cambios importantes**, ao incluír dentro destas normas as normas do anterior Pago Verde (diversificación de cultivos, porcentaxe de elementos non produtivos, etc.)

B.C.A.M. 1: Mantemento de Pastos Permanentes

- Mantense a obriga de non converter máis do 5% dos pastos permanente existentes na granxa.
- O limiar do 5% establécese a nivel de comunidade autónoma e con respecto ao ano 2018, é dicir, Galiza non pode transformar a outros usos máis do 5% da superficie de pastos permanentes existentes en 2018.
- Se se dese o caso de que se superase ese 5%, as labregas afectadas serían obrigadas a restaurar as superficies transformadas a pastos permanentes de novo.

B.C.A.M. 2: Protección de Humidais e Turbeiras

- Esta norma é nova, é dicir, non existía até o de agora. Non será de aplicación até o 2024.
- A comunidade autónoma delimitará unhas zonas de humidais e turbeiras, nas que se limitarán as prácticas agrícolas que se poden realizar:
 - Prohibición de rozar.
 - Poderá facerse pastoreo cunha carga gandeira máxima de 1 UGM/Ha.

B.C.A.M. 3: Protección de queima de rastrollos, excepto por razóns fitosanitarias

- Non se poderán queimar restrebas nin restos de colleitas de cultivos salvo que, por razóns fitosanitarias, a queima estea autorizada pola autoridade competente (sanidade vexetal).
- O tratamento de calquera outro residuo vexetal xerado no entorno agrario, cumprírase co que se establece no artigo 27.3

da lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados (compostaxe ou entrega a xestor). A práctica de queima de restos de cultivo vexetais en moreas habitual na Galiza atópase dentro das excepcións contempladas pola lei 7/2022, polo que pode seguir realizándose (nas épocas nas que está permitido).

B.C.A.M. 4: Creación de Faixas de Protección nas Marxes dos Ríos

- Establécese unha **faixa de protección mínima de 5 m. de ancho** ao longo dos ríos, regatos, regos, embalse, lagos, lagoas ou calquera outro curso ou masa de auga permanente. Dentro deses 5 metros conta todo aquilo que se atope entre o río e a parcela (camiños, balados, silveiras,...).
- No caso de que noutra normativa de obrigado cumprimento, plans de actuación en zonas vulnerábeis á contaminación ou nas propias etiquetas de produtos fitosanitarios se recolla unha distancia maior, respectarase esta última.
- Nesas faixas de protección **non se poderán aplicar fertilizantes nin fitosanitarios** de ningún tipo.
- Nesas faixas de protección **tampouco se poderá labrar** nin ter produción agrícola, agás no caso de cultivos leñosos que xa se atopen implantados antes de 2023.
- Permítese o pastoreo e a sega xunto con labores superficiais de mantemento.
- Manterase unha cuberta vexetal, que pode ser sementada ou espontánea, podendo tamén estar ocupadas por vexetación de ribeira.
- Esta franxa de protección será distinguíbel da terra agrícola contigua.
- Existe unha capa SigPac específica, pero non está completa e faltan moitas marxes por debuxar. Que non se atopen reflectidas na capa SigPac non exime

do cumprimento desta obriga.

- Esta superficie vale para o cómputo da superficie contemplada noutras normas de condicionalidade e nas axudas dos Eco-Réximes.

B.C.A.M. 5: Xestión da labranza para evitar o risco de degradación do solo

- Nas superficies que se destinen a cultivos herbáceos ou cultivos leñosos mantense a prohibición de labrar a terra na dirección da máxima pendente cando, nos recintos cultivados, a pendente media sexa maior ou igual ao 10%.
- Así mesmo, segue sen permitirse a realización de labores que poidan afectar á estrutura dos noiros, bancais e/ou socacos existentes.

B.C.A.M. 6: Cobertura mínima do chan nos períodos máis sensíbeis

- Segue a limitarse a realización de determinados labores en determinadas épocas do ano en función do cultivo do que se trate:
- Cultivos Herbáceos: nos cultivos herbáceos de inverno, non se labrará o chan con volteo nin con labrado vertical, entre a data de recolección da colleita e o 1 de setembro. O chan mantense cuberto permanentemente salvo o tempo imprescindible ntre o levantamento do restollo da colleita anterior e a sementeira.
- Cultivos Leñosos: en pendente igual ou superior ao 10%, salvo que a pendente real do recinto se atope compensada mediante terrazas ou bancais, nas liñas transversais á liña de máxima pendente mantense a cuberta vexetal de 1 m de anchura mínima ou nas paralelas a dita liña.
- Terras de barbeito: realízanse prácticas tradicionais de manexo do solo, prácticas de mínimo labrado ou mantemento dunha cuberta axeitada do solo. Non se realizarán trata-

mentos agrícolas sobre estas terras entre os meses de abril e xuño. Non se poderá arrincar ningún pé de cultivos leñosos situados en recintos de pendente igual ou superior ao 10% salvo en zonas nas que así se estableza e sexa obxecto de reposición autorizada.

B.C.A.M. 7: Rotación en Terras de Cultivo

Esta é unha norma que vén do antigo pago verde, no que respecta á obrigatoriedade da rotación e diversificación de cultivos. Así, esta BCAM divídese en 2 partes, por un lado a rotación e por outro a diversificación.

Estás exenta/o de cumprir esta norma se na túa granxa:

- Máis do 75% da superficie das terras de cultivo (TA) se adica á produción de herba (pastos de menos de 5 anos ou raigrás), outras forraxes herbáceas, leguminosas ou é barbeito.
- Máis do 75% da superficie da granxa son pastos permanentes, herba ou outras forraxes herbáceas.
- A superficie de terras arábais é menor de 10 Has
- Estás certificado ou en reconversión na produción ecolóxica

No caso de non entrar en ningún dos supostos anteriores, as labregas terán que cumprir con esta norma. **Só afecta ás terras de cultivo**, non afecta aos pastos permanentes, cultivos plurianuais ou cultivos permanentes. **Ten dúas partes a cumprir:**

Parte 1: Rotación de Cultivos
Hai que rotar os cultivos das fincas polo menos unha vez cada 3 anos a contar dende 2021. É dicir, o cultivo que se declare en 2024 ten que ser diferente ao declarado nos tres anos anteriores (se este foi sempre o mesmo). Por exemplo, se nun recinto eu declaro todos os anos millo, en 2024 o cultivo dese recinto ten que ser outro.

En 2025 poderei poñer millo de novo ou-
 tros tres anos seguidos e, en 2028, terei que
 mudar de novo o cultivo. No caso de que se
 utilicen cultivos intermedios (raigrás –
 millo, nabo – pataca,...), isto xa computa
 como rotación **se se fai durante tres anos
 seguidos como mínimo**, polo que non tería
 que mudar o cultivo declarado. Este ano es-
 tablécese, de novo, unha excepción ao seu
 cumprimento por causa da guerra da Ucra-
 ína, non sendo obrigatorio o seu cumpri-
 mento e adiando a rotación ate 2025, PERO
 só no caso de non acollerse a ningún dos
 eco-réximes de terras de cultivo (P3 e P4).

No caso de solicitar axuda dentro dos
 Eco-Réximes 3 ou 4 tería que cumprir coa
 rotación de cultivos. O barbeito computa
 para a rotación de cultivos, é dicir, pode dei-
 xar unha finca a barbeito e enténdese que
 esta xa rotou, pero hai que ter en conta que
 o barbeito é superficie sen cultivar nada
 nela polo menos durante 6 meses entre o 1
 de xaneiro e o 30 de setembro).

Parte 2: Diversificación de Cultivos

Esta obriga **non será de aplicación até
 o 2024**, pero tendo en conta que se declara
 como cultivo principal os cultivos de in-
 verno, hai que tela en conta xa neste ano
 para programar as sementeiras de outono.
 Igual ca no pago verde do anterior período.
 Partindo dos requisitos de rotación, en fun-
 ción da superficie de terras de cultivo da
 granxa, terase que facer unha diversificación
 mais ou menos complexa:

- 10 – 20 Has de terras de cultivo: haberá como mínimo 2 cultivos diferentes, sen que o principal non supere o 75% destas.
- 20 – 30 Has de terras de cultivo: haberá como mínimo 2 cultivos diferentes, sen que o principal non supere o 70% destas.
- Mais de 30 Has de terras de cultivo: haberá como mínimo 3 cultivos diferentes, sen que o principal supere o 70% e os dous maioritarios non superen o 90% da superficie.

B.C.A.M. 8: Superficie agrícola dedicada a superficie e elementos non produtivos

Esta obriga consiste en deixar un **mí-
 nimo do 4% das superficies das terras de
 cultivo a elementos non produtivos**. Esta
 porcentaxe pódese reducir ao 3% en deter-
 minados casos (solicitantes do eco-réxime
 de illas de biodiversidade).

Estás exenta/o de cumprir esta norma
 se na túa granxa:

- Máis do 75% da superficie das terras de cultivo (TA) se adica á produción de herba (pastos de menos de 5 anos ou raigrás), outras forraxes herbáceas, leguminosas ou é barbeito.

- Máis do 75% da superficie da granxa son pastos permanentes, herba ou outras forraxes herbáceas.

- A superficie de terras arábais é menor de 10 Has

No caso de non entrar en ningún dos supo-
 stos anteriores, as labregas terán que cum-
 prir con esta norma, deixando un mínimo do
 4% das súas terras de cultivo a elementos
 non produtivos.

Considéranse elementos non produtivos

Tipo de superficie e ENP	Superficie e ENP
Terras en barbeito (m ²)	1 m ²
Terras en barbeito de biodiversidade e melíferos (m ²)	1,5 m ²
Franxas de Protección de ríos (m_l)	9 m ²
Lindes forestais (m_l)	9 m ²
Terrazas de retención, bancais e ribazos (m_l)	2 m ²
Sebes/franxas arboradas (m_l)	10 m ²
Árbore illada (pé)	30 m ²
Árbores en ringleira (m_l)	10 m ²
Grupo de árbores (m ²)	1,5 m ²
Lindes de campo (m_l)	9 m ²
Charcas, lagoas, estanques e abrevadeiros naturais (m ²)	1,5 m ²
Illas e enclaves de vexetación natural/rochas (m ²)	1 m ²
Majanos (m ²)	1 m ²
Pequenas construcións de arquitectura tradicional (m ²)	1 m ²
Muros tradicionais de pedra (m_l)	1 m ²


Os barbeitos, para computar nesta
 norma, deberán ser o cultivo principal e
 estar sen cultivar polo menos 6 meses entre
 o 01/01/ e o 30/09, e neles non se poderá
 cultivar millo nin soia.

As leguminosas cultivadas sen o emprego
 de produtos fitosanitarios computarán para
 esta superficie. Neste caso deberán ser,
 como mínimo o 7% da superficie de terras
 de cultivo da granxa, dos cales as superficies
 e elementos non produtivos serán o 3 %.
 Estas leguminosas non poderán ir seguidas
 de barbeito e terán un factor de pondera-
 ción de 0,3 no caso de ser cultivos interme-
 dios (por exemplo veza – millo).

Igual que no na BCAM anterior, este ano
 establécese, de novo, unha excepción ao seu
 cumprimento por causa da guerra da Ucra-
 ína, non sendo obrigatorio o seu cumpri-
 mento agás no caso de acollerse ao
 eco-réxime de espazos de biodiversidade en
 terras de cultivo. No caso de solicitar axuda
 dentro deste Eco-Réximes tería que cumprir
 con esta norma. Así mesmo, dentro desta
 BCAM segue a manterse a prohibición de
 modificar os elementos da paisaxe da
 granxa sen autorización previa, así como a
 corta de sebes e árbores durante os meses
 de marzo a agosto, agás autorización ex-
 presa.

B.C.A.M. 9: Prohibición de arar Pastos Medioambientalmente Sensíbeis en Rede Natura 2000

Igual ca no anterior período, os pastos
 permanentes designados como medioam-
 bientalmente sensíbeis en rede natura non
 poderán ser convertidos a outros usos nin
 labrados agás as necesarias para o seu man-
 temento. Esta tipoloxía de pastos pode con-
 sultarse no SigPAC, dentro da capa de pastos
 permanentes:



B.C.A.M. 10: Fertilización sustentábel

Esta norma está relacionada coa publica-
 ción do Real Decreto de nutrición sostíbel
 de solos agrarios, e **non será de aplicación
 até o 2024**. Establece á obriga do cumpri-
 mento específico das seguintes obrigas do
 Real Decreto:

- Manter un **caderno de granxa (dixital), actualizado**, no que se recollan todas as tarefas encamiñadas a abonar o solo (xurros, esterco, fertilizantes de síntese, ou calquera outro material que se aplique a este co obxecto de fertilizar un cultivo).
- A granxa debe contar cun **plan de abonado** para cada cultivo da mesma, elaborado por persoal técnico competente na materia, e seguir as súas indicacións.

Os xurros aplicaranse de xeito localizado
 (peine ou inxector) e os esterco sólidos de-
 berán enterrarse o mais axiña posíbel (nas
 terras de cultivo).

AXUDAS PAC

Para poder percibir a PAC en primeiro lugar temos que cumprir **a condición de persoa agricultora ACTIVA**. Para cumprir con isto, temos que exercer a actividade, ser titular dunha granxa, exercer o control efectivo desta, asumir o risco empresarial e acreditar un dos seguintes requisitos:

- Cotizar na Seguridade Social agraria a data de fin de prazo de modificación da PAC.
- A porcentaxe de ingresos agrarios brutos sobre os ingresos totais brutos (excluídas as ganancias e perdas patrimoniais) deben ser igual ou superior ao 25% na última renda.
- Estaremos exentas de cumprir estes dous requisitos anteriores se na anterior anualidade fomos beneficiarias de axudas directas [axuda á renda para a sostibilidade, pago redistributivo, axudas asociadas (vacún de leite, vacún de carne, cebo, proteína vexetal), eco-réximes ou o pago por mozo] por un importe inferior a 5.000 €, antes de penalizacións por criterios de subvencionabilidade ou condicionalidade.

Que pagos ten a PAC?

Os pagos da PAC poden ser pagos do PIAR 1 financiados o 100% por Europa.

Estes divídense en:

- **Desacoplados**: desligados da produción, vinculados a terra e inclúen a nova axuda básica a renda para a sostibilidade (ABRS) que vén a substituír os antigos dereitos de Pago Básico, inclúe tamén a nova axuda redistributiva, os eco-réximes e o pago por mozo.
- **Acoplados**: é dicir, vinculados a produción e onde se inclúen o pago por vaca de leite, carne, cebo, etc.

Tamén poden ser pagos do PIAR 2. Neste caso son elixidos os conceptos a pagar entre o Europa, o Ministerio e a Xunta. Aquí inclúese o pago as zonas desfavorecidas ou as agroambientais.

AXUDA BÁSICA Á RENDA PARA A SOSTINIBILIDADE (ABRS)

Como dicíamos anteriormente, os dereitos de pagamento básico do período anterior convértense en estes novos dereitos. Así mesmo, redúcense as rexións de 50 a 20, polo tanto estes novos dereitos modifican para este ano o seu valor e o número de rexión. Igual que pasou nos últimos anos, mantense a converxencia co cal durante todo o período estes dereitos irán variando o seu valor até acadar o valor medio rexional.

Ademais, cómpre comprobar que a nova conversión foi feita dun xeito correcto e se asignaron os mesmos dereitos que o período anterior. Por último, lembrar que estes dereitos cóbrense con terra da rexión correspondente como até agora.

AXUDA REDISTRIBUTIVA COMPLEMENTARIA:

Esta axuda é unha novidade neste período, aínda que xa era unha realidade noutros estados da unión europea, como por exemplo en Francia. Para poder cobrala débese ter dereitos de ABRS. Con todo, o pago faise por superficie admisíbel en cada rexión. É dicir, podemos cobrar este pago por un número superior de ha que dereitos teñamos até chegar ao límite máximo para cada rexión, até onde se pode percibir este pago.

O importe do cobro ten dous tramos en función do número de Ha independentemente dos dereitos que teña: polo 1º tramo vaise percibir un 16,7% do valor medio rexional; e no 2º tramo un 40% do valor medio rexional, cantidades a percibir a maiores do pago polos dereitos ABRS (ver o seguinte cadro):

	Rexión	VMR ABRS 2027	Ha Tramo 1	€/ Ha T1	Ha tramo 2	€/ Ha T2
Terras cultivo secano	3	130,58	7,78	26,12	53,65	52,23
	4	200,15	5,85	40,03	42,66	80,06
Cultivos permanentes	11	99,00	2,61	19,80	17,68	39,62
Pastos permanentes	17	103,53	10,26	20,71	51,72	41,44
	18	138,11	4,15	27,62	13,12	55,28

No caso de SAT,s, cooperativas e TC, o límite de ha por tramo aplicárase por persoa socia.

AXUDA COMPLEMENTARIA Á RENDA PARA PERSOAS MOZAS

Para poder percibir este pago deberán ter dereitos ABRS e cumprir a data de fin de prazo da modificación da PAC, ser xefas e xefes de granxa, non ter máis de 40 anos no ano natural da súa primeira solicitude da ABRS, estar dadas de alta na Seguridade Social e incorporadas, como moito, nos 5 anos anteriores á solicitude.

No caso de non ter unha axuda de incorporación aprobada deberán ter feito o curso de 250 horas ou ter formación agraria equivalente.

O importe da axuda será o 100% da superficie declarada na súa solicitude de axudas PAC até un máximo de 100 ha polo valor medio rexional de cada rexión. Isto supón un cambio respecto ao período anterior onde se cobraba en función dos dereitos que se tiña. Este valor incrementárase un 15% no caso de mulleres.

ECO-RÉXIMES

Os eco-réximes son un pago adicional ao que se poden acoller as granxas por prácticas agrícolas ou gandeiras beneficiosas para o medio ambiente e o clima. Cada unha de nós, na PAC, teremos que decidir a que eco-réxime nos acollemos entre os existentes e cumprir co compromiso durante un ano.

Ao ano seguinte podemos decidir acoller-nos a outro eco-réxime. Tamén compre salientar que son voluntarios, é dicir, podemos decidir solicitalo ou non, aínda así non solicitálos non nós vai eximir de cumprir coas BCAM anteriormente mencionadas ou coa obrigación do caderno dixital. Esta nova axuda, que se engloba dentro das axudas do PIAR 1, supón un maior nivel de esixencia para as nosas granxas que a condicionalidade da anterior PAC, como dicíamos anteriormente, podemos elixir entre 7 prácticas moi concretas en función da que mellor se axuste o noso modelo de granxa.

Cómpre destacar que aínda que existen 7 prácticas só poderemos marcar unha por cada parcela da nosa granxa. Con todo, isto non implica que na nosa granxa non podamos acoller a varios eco-réximes, só temos que ter en conta que unha parcela só pode

ter un eco-réxime asignado.

Antes de comezar a analizar estes eco-réximes un a un, é preciso destacar que se poden solicitar os eco-réximes aínda non tendo Dereitos da axuda básica á renda para a sostibilidade (ABRS), agás nun caso excepcional que veremos a continuación.

ECO-RÉXIME P1 PASTOREO EXTENSIVO

Só son elixíbeis os pastos temporais (pastos de menos de 5 anos) e permanentes (pastos de mais de 5 anos e pastos arbustivos e baixo arboredo), non se admiten aqueles recintos con cultivos secundarios despois do principal (millo despois do cultivo principal por exemplo. Deberan ter un REGA de bovino extensivo ou semi extensivo (carne, leite, mixta ou recría xovencas) ovino/cabrún (carne, leite ou mixta), equino (carne ou mixta) ou de porcino extensiva ou mixta.

Efectuarase un pastoreo real e efectivo **con animais propios** da mesma granxa durante un mínimo de 90 días ao ano nas superficies obxecto de cobro por esta práctica, cunha carga gandeira entre 0,4 e 2 UGM/HA.

É dicir, como xa comentamos máis arriba, pode comprometer só unha parte da miña granxa a este eco-réxime e outra parte da granxa a outro ou a ningún. En todo caso, a carga gandeira calcularase para este eco-réxime tendo en conta as ha comprometidas e as vacas que comprometo, xa que tampouco é necesario que se pastoreo con todo o rabano pode comprometer unha parte de el.

Deberase levar un caderno no que se anotarán as entradas e saídas a cada parcela de pasto a máis tardar no prazo de 1 mes dende a data fin de pastoreo na parcela ou grupo de parcelas. Para solicitar este eco-réxime non é necesario dispor de dereitos de ABRs. Así mesmo debemos ter en conta que estas parcelas poden ser segadas en calquera mes do ano pero deben ser pacidas por animais da propia granxa. O importe a percibir ascenderá a **62,16€ por cada ha** que comprometa.

ECO-RÉXIME P2 ESTABLECEMENTO DE ILLAS DE BIODIVERSIDADE OU SEGA SOSTÍBEL

Establecemento de illas ou espazos de biodiversidade (fraxas non segadas, elementos da paisaxe ou elementos estruturais) en zonas determinadas da granxa, a superficie non segada pode mudar ano a ano. Só son elixíbeis os pastos temporais ou permanentes, de novo, non se admite cultivo secundario.

Terán un REGA con gando bovino (carne, leite, mixta ou recría), ovino/cabrún (carne, leite ou mixta) ou equino (carne ou mixta). As granxas poderán acollerse a unha de estas dúas opcións:

1) Establecemento de illas de biodiversidade:

Como mínimo o 7% da superficie de pastos de sega acollidos a esta práctica non se segará. Os elementos da paisaxe pódense incluír nesa superficie (pódense consultar no sigpac activando a capa elementos da paisaxe pero estamos a falar de fraxas de árbores arredores, muretes de pedra seca, fraxas de proteccións de auga....). Aquilo que antes parecía que nos penalizaba na PAC agora pódenos axudar a cumprir coa condicionalidade e acceder a esta axuda.

Nesa superficie (7%) non se poderá realizar actividade agraria entre o 01/01 e o 31/08. Despois poderá realizarse un labor de pastoreo, sega ou mantemento. É moi importante salientar que **non se permite o uso de HERBICIDAS nese 7%**.

Tamén deberemos levar un caderno onde se anotarán as datas e actividades realizadas a mais tardar en 1 mes dende a súa realización.

2) Sega sostíbel:

A superficie acollida a esta práctica non pode aproveitarse (segarse) nos meses de xullo e agosto. Para poder acollernos a este eco-réxime a frecuencia de sega das parcelas comprometidas non superará os 3 cortes/anuais no caso das granxas que teñan máis dun 50% da súa superficie de pasto nunha altitude inferior aos 300 m sobre o nivel do mar, ou de 2 cortas no caso de superar dita altitude.

Tamén deberemos levar un caderno onde se anotarán as datas e actividades realizadas a mais tardar en 1 mes dende a súa realización.

Por último, destacar que as parcelas acollidas a este eco-réxime recoméndanlle, é dicir NON E OBRIGATORIO pero si aconséllabel, recoller herba seca e evitar o ensilado especialmente nas zonas de Rede Natura. En ámbolos dous casos percibirase **62,16€/ha** comprometida.

ECO- RÉXIME P3 ROTACIÓN EN TERRAS DE CULTIVO

Como mínimo o 50% das terras de cultivo acollidas a este eco-réxime deben de rotar. Para facer este cálculo, temos que ter en conta que para o computo de ese 50% exclúense os cultivos plurianuais e para a rotación admítase o cultivo secundario (millo tras herba).

Ademais, como mínimo, o 10% das Terras de Cultivo acollidas a este eco-réxime deben de ser especies mellorante (nabo, leguminosa, xirasol, colza...), e destas a metade (5%) serán leguminosas (veza, chícharo, trebo...). O barbeito non superará o 20% das hectáreas comprometidas (non do total da granxa, senón do total das comprometidas neste eco-réxime).

No caso de granxas que se acollen a esta práctica con menos de 10 ha de TC no total da granxa, non terán que incluír especies mellorantes nin leguminosas. Polo que só deberán rotar como mínimo o 50% das terras de cultivo (excluídas as superficies de cultivos plurianuais) ou deberán ter como mínimo 2 cultivos distintos, sen que o principal supoña máis dun 75%.

Cómpre ter en conta que despois das leguminosas non pode ir barbeito. Os de regadío deberán dispor dun plan de abonado e rexistrar as operacións de aporte de nutrientes, de materia orgánica e de auga de rego no caderno de granxa. **Nas terras de secano percibirase 85,72€/ha e en regadío 151,99€/ha**.

ECO-RÉXIME P4 SEMENTEIRA DIRECTA

Para poder acollerse a esta práctica, polo menos no 40% das terras de cultivo sobre

as que se solicita tense que cumprir:

- Sementar directamente sobre as restrecas e manter a cuberta vexetal durante todo o ano sen realizar labores de arado sobre o chan.

- Rotación de cultivos (nese 40% descontando os cultivos plurianuais que fosen sementados en sementeira directa). Admítase como rotación o cultivo secundario.

Os de regadío deben dispor dun plan de abonado e rexistrar as operacións de aporte de nutrientes, de materia orgánica e de auga de rego no caderno de granxa.

Nas terras de secano percibirase **85,72€/ha e en regadío 151,99€/ha**.

ECO-RÉXIME P5 ESPAZOS DE BIODIVERSIDADE EN TERRAS DE CULTIVO E CULTIVOS PERMANENTES:

Este é o único eco-réxime que obriga a ter polo menos asignado 0,1 dereito de ABRs para poder solicitar por esta práctica.

Temos que deixar como mínimo un 7% das Terras de Cultivo de secano (4% das terras de regadío ou cultivos permanentes) acollidas a esta práctica a elementos non produtivos, a maiores da obrigación da BCAM8 que nos obriga para poder cumprir a deixar un 4% das terras de cultivo a elementos non produtivos.

Isto é, para poder solicitar este eco-réxime temos que deixar un 11% das terras de cultivo a elementos non produtivos, que se reducirá a un 10% xa que si nos acolleemos a este eco-réxime para cumprir a BCAM8 só é necesario deixemos a elementos non produtivos o 3% das terras de cultivo.

Por elemento non produtivos entendemos:

- Elementos da paisaxe.
- Marxes de protección de augas
- Barbeitos, illas e marxes de biodiversidade.

As superficies anteriores (barbeiros, illas e marxes de biodiversidade) serán sementadas con, polo menos, dúas familias de plantas apropiadas a efectos de biodiversidade, non podendo colleitarse, polo que **deberán manterse no terreo como mínimo até o 1 de setembro**. Así mesmo, está prohibido nestas fraxas o uso de fitosanitarios e fertilizantes.

- Zonas de non colleitado (non inclúe fraxas de protección de canles). Nestas zonas si está permitido o uso de fitosanitarios e fertilizantes. Debe ser un cereal (millo) ou oleaxinosa e deberán manterse no terreo como mínimo até o 1 de Setembro (ou un mes máis aló da data de colleita do resto da parcela).

O importe a percibir por ha é de **56,04€**.

**ECO-RÉXIME P6 CUBERTAS
VEXETAIS OU SEMENTADAS
EN LEÑOSOS**

Esta práctica dirixida a plantación de cultivos leñosos tales como (vide, castaños, olivas, kiwi, froiteiras, etc) obriga a establecer ou manter unha cuberta vexetal espontánea ou sementada durante todo o ano e viva entre o 1/12 o 31/03 ou agostada. O chan non permanecerá espido en ningún momento durante o ano.

Non se permite o pastoreo de estas parcelas como norma xeral, tendo que realizar o mantemento da cuberta vexetal por medios mecánicos e depositar sobre o chan os restos da sega/poda.

Está prohibida a aplicación de Fitosanitarios (agás autorización por risco fitosanitario) sobre a cuberta vexetal. Deberase levar un caderno onde se anotará a data de establecemento da cuberta vexetal espontánea ou sementada a máis tardar un mes dende a data de establecemento.

Por este eco réxime percibirase pola superficie comprometida dende **os 61,07€ para terreos chans** (5% de pendente) até **os 165,17€ para os terreos con máis do 10% de pendente**.

**ECO-RÉXIME P7 CUBERTAS
VEXETAIS INERTES
EN LEÑOSOS**

Destinado ao mesmos cultivos que o P6, consiste en triturar os restos de poda e depositalos no chan.

De novo está prohibida a aplicación de fitosanitarios (agás autorización por risco sanitario) sobre a cuberta inerte. Deberase levar un caderno como nos anteriores e percibirase a mesma cantidade que no anterior eco-réxime.

**Os pagos nos
eco-réximes están
suxeitos a
degresividade.
É dicir, poden minguar
as cantidades en rela-
ción co total de ha se
soliciten entre todas as
PAC (Política Agraria
Común)**

Outros datos de interese

**Axuda asociada para as gandeiras
extensivas de vacún de carne:**

Para poder cobrar esta axuda hai que ter clasificada a granxa como extensiva, isto podedes comprobalo na vosa oficina agraria e se non figura así e non sodes unha granxa extensiva dende o FOGGA recomendan modificalo na OVGAN nunha nova lapela habilitada para tal fin e tamén se marcara na PAC, se non é unha granxa en extensivo non se cobrará este pago. Dende o SLG xa enviamos alegacións o Ministerio solicitando que isto sexa modificado e este pago se adecúe á nosa realidade para vindeiros anos.

Zonas con Limitacións Naturais:

No mes de novembro tivemos coñecemento de que pretendían eliminar o pago para as zonas desfavorecidas distintas de montaña, deixando sen este pago a máis de 7600 granxas en todo o país.

O SLG fomos a única organización que nos mobilizamos por esta razón, incluíndo esta demanda nas mobilizacións do pasado mes de decembro por entender que perder esta axuda supoñía un grande agravio para as nosas granxas. Ademais, non viamos na nova PAC o que dende a Xunta se nos dicía de que a supresión deste pago o compensaba a nova PAC. Demostrouse que isto era mentira e, finalmente, grazas á presión que se fixo, para o ano 2023 imos seguir a cobrar este pago.

Cadernos de granxa:

Finalmente, este ano, vanse aceptar os cadernos de granxa en papel, soamente determinadas granxas (máis de 30 ha de pastos permanentes ou de terras de cultivo), van a ter obriga a partir do 1 de setembro de ter un caderno dixital. As demais granxas van ter obrigación de ter o caderno dixital a partires do 1 de xullo de 2024.

No SLG, cando as técnicas vos fagan a PAC, xa se vos informará do que debedes facer en relación ao caderno de granxa, pero recordade e esixide a quen vos faga a PAC que este caderno sexa en papel ou telemático. É obrigatorio dende o 1 de xaneiro de 2023. Ante calquera dúbida, lembre que tendes á vosa disposición ás técnicas do Sindicato.

Decreto de puríns:

Outra das grandes preocupacións que temos actualmente é saber como nos vai a afectar o coñecido como decreto de puríns. A grandes trazos, a partires do 1 de xaneiro de 2024, vai ser necesario un plan de abonado elaborado por persoal técnico. Así mesmo, xa este ano temos que anotar no caderno de granxa que mencionabamos anteriormente onde botamos o purín. En canto a isto, as granxas que teñan o 50% da súa superficie ou máis con pendentes de máis do 10% poderán seguir a utilizar o sistema que usan actualmente (plato ou abano). Aínda así, isto non nós exime de termos, a partir do 1 de xaneiro de 2024, un plan de abonado.

As granxas que non alcancen o criterio de pendente anterior deberán cambiar o seu modelo de botar purín. Cando fagades a PAC esixide á persoa técnica que vos explique esta norma. Ante calquera dúbida lembre de novo contactar coas técnicas e técnicos do SLG.

Compre lembrar que **este ano xa entra en vigor a obriga de ter inscritas no rexistro público de terreos forestais de pastoreo as parcelas que sexan asignación de MVMC para que sexan tidas en conta na nosa declaración da PAC**. Fala coa túa comunidade de montes no caso de que declares superficie deste tipo para coñecer o seu estado.

Nova incidencia no sixpac:

Todos aqueles recintos que nunca fosen declarados nos últimos 5 anos nunha declaración PAC aparecen como recintos inactivos (código de incidencia 199). Se algún destes recintos supera as 2 Has de superficie será preciso aportar documentación que xustifique o seu dereito de uso (contrato de alugueiro, cesión,...). Así mesmo será preciso realizar unha alegación cando se declare un destes recintos, independentemente da súa superficie. Neste sentido, o Fogga vai realizar unha inspección sobre o 1% dos recintos declarados na PAC baixo a forma de arrendamento, para comprobar que realmente existe autorización para o seu uso e declaración.

TÁBOA I – PAGOS DIRECTOS ASOCIADOS								
		Tipo explotación	Animal elixible	Control			Previsión €/animal	
VACÚN CARNE	EXTENSIVOS VACÚN DE CARNE	Explotacións vacún carne en extensivo, ou semiextensivo se son mixtas	"pasto" ou "prod./reprod." carne/mixta/recría xovencas	Vacas nutrices que pariran nos 20 meses previos ao 30 de abril do ano da solicitude + 15 % xovencas	Axuda por nodriza + complemento do 10 % se están os inscritos no libro xenealóxico de razas autóctonas	Presentes na explotación do 1 de xaneiro ao 30 de abril	Axuste á cantidade de leite comercializado	90,25 €
	CEBO TENREIROS NA EXPLOTACIÓN NACEMENTO	Explotacións extensivas ou semiextensivas	"pasto" ou "prod./reprod." carne/mixta/leite	Bóvidos morfortipo carne ou cruce, entre 6 e 24 meses	Mínimo 3 animais elixibles	Se admite paso por outra explotación se non está nela máis de 15 días	Cebado mínimo 90 días na explotación ou cebadelo comunitario e con saída a sacrificio ou exportación	32,02 €
	CEBO SOSTIBLE TENREIROS		"prod./reprod." de cebo/cebadoiro	Bóvidos morfortipo carne ou cruce, entre 6 e 24 meses	Mínimo 3 animais elixibles, e máximo 1.417 animais subvencionables	Se admite paso por outra explotación se non está nela máis de 15 días	Cebado como mínimo 90 días na explotación e con saída a sacrificio ou exportación	Ata 600 tenreiros 18,94 € , logo cobran o 50 %
VACÚN LEITE			"pasto" ou "prod./reprod." leite/mixta/recría xovencas	Femia aptitude láctea maior ou igual a 24 meses a 30 abril	Máximo 725 animais elixibles (a partir de 150 animais só cobran o 50% do importe)	Presentes na explotación do 01 de xaneiro ao 30 de abril	Entregas a 1º comprador como mínimo 6 meses ou Venda Directa	Montaña 181,66 € Outros 157,96 €
OVINO/CABRÚN	EXPLOTACIÓNS CARNE		"pasto" ou "prod./reprod." de carne/mixta	Femias reprodutoras de mals de 12 meses (a 1 de xaneiro)	Min 10 ovinos ou 10 caprinos	Axuste á cantidade de leite comercializado	Mínimo 0,6 saídas/femia elixible. Se como mínimo acada o umbral do 50 %, cobrarían polos animais correspondentes	14,46 €
	PRODUCCIÓN SOSTIBLE LEITE		"pasto" ou "prod./reprod." de leite/mixta	Femias reprodutoras de mals de 12 meses (a 1 de xaneiro)	Mínimo entregas 80L ovino e 200 L cabrún. Se como mínimo acada o umbral do 50 %, cobrarían polos animais correspondentes			12,49 €
	EXPLOTACIÓNS SEN PASTOS QUE PACEN SUPERFICIES DE RESTREBAS, BARBEITOS E RESTOS HORTICOLAS (PROPIAS OU NON PROPIAS)		"pasto" ou "prod./reprod." de carne/leite/mixta	Femias reprodutoras de mals de 12 meses (a 1 de xaneiro)	Non cobran se ten ≥ 2 Ha de pastos subvencionables ou as Ha de pastos declaradas supoñen > 3 % da S subvencionable declarada	Terras de cultivo ou cultivos permanentes	nº animais subv = Ha subvencionables para ese pastoreo * 1,2 UGM/Ha → UGM a cobrar → cálculo animais a cobrar	10,28 € (compatibil e coas outras liñas de ovino/cabrún)
PRODUCCIÓN SOSTIBLE PROTEICOS			Variedades recollidas no Catálogo	Mínimo 1 Ha en secano e 0,5 Ha en regadío	Destinada exclusivamente a alimentación animal ou humana			

TÁBOA II.1 – COMPROMISOS AGROAMBIENTAIS EN SUPERFICIES AGRARIAS E ECOLÓXICO												
		Primas		Spf. min								
COMPROMISOS DE CULTIVOS SOSTIBLES	CULTIVOS EXTENSIVOS	Compromisos 5 anos. Non se poden incrementar ha, nin reducir máis dun 10%	180 €/ha	Rotación 3 anos seguidos de 3 cultivos ≠ (*)	5 ha	(*)Cada cultivo pertencera a un grupo ≠. G1. Pataca G2. Cereal (agás millo) G3. Hortícola (agás solanáceas), oleaxinosas, proteaxinosas, leguminosas e/ou barbeito con cuberta vexetal	O uso de insecticidas e nematocidas se xustificará con analíticas ou trampeos	Ter un plan de fertilización que contemple o uso de fertilizantes orgánicos	Non aplicar herbicidas	Non aplicar lodos depuradora na integridade da explotación	Manter o caderno de explotación actualizado	Recibir asesoramento específico por unha entidade recoñecida ou formación adecuada do FOGGA
	CULTIVOS LEÑOSOS		200 €/ha	VIÑEDO pdte > 20 %	0,5 ha	Mantemento de muros, terrazas, bancais, etc	Non labrar a favor de pendente					
	ECONOMÍA CIRCULAR – PEQUENAS EXPLOTACIÓNS		1.500 €/explot	Titular con alta na SS agraria ou 1 UTA en explotación	Entre 0,5 e 3 ha (de horta ou fruta)	Compostaxe dos restos de cultivo e prohibida a queima dos mesmos	Registro e requisitos ventas SEVEDI					
COMPROMISOS DE FOMENTO E XESTIÓN SOSTIBLE DE PASTOS	EXTENSIFICACIÓN EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS	Compromisos 5 anos. Non se poden incrementar ha, nin reducir máis dun 10%	110 €/ha prados 80 €/ha PR/PA. Se aplicará degresividade	Carga gandeira entre 0,4 e 2 UGM/ha e 70% de pastos na explotación	5 ha de pasto, no mesmo concello ou limítrofe	Mín 70 % da Spf como pastos temporais ou permanentes	Non labra do 70 % de pastos durante os compromisos, agás renovación	Fertilización exclusivamente orgánica na Spf total de pastos da explotación	Non aplicar lodos depuradora na integridade da explotación	Manter o caderno de explotación actualizado	Recibir asesoramento específico por unha entidade recoñecida ou formación adecuada do FOGGA	
	COMPLEMENTO A GANDERÍAS EXTENSIVAS EN ZONAS DE GRANDES CARNÍVOROS		75 €/ha Máximo 50 ha			Realizar pastoreo. Dispoñer dun mínimo de 15 UGM	Dispor durante todo o período sistemas de xeolocalización (no 20 % dos animais) ou mínimo 2 mastíns	A SI, estará en zona de grandes carnívoros				
AGRICULTURA ECOLÓXICA	Inscritos con anterioridade ao 01/01/2023. Compromisos 5 anos. Non se poden incrementar ha, nin reducir máis dun 10%		€/ha segundo orientación produtiva. Se aplicará degresividade	Venderán parte da produción en ecolóxico	Subvencionable Spf do mesmo concello ou limítrofe	No caso de colmeas: Mínimo 80 colmeas. Polo menos en 2 alvarizas separados como mínimo 1 Km e cun mínimo de 20 colmeas en cada unha. Máximo primable 80 colmeas/alvariza. Carga gandeira ≥ 0,4 UGM/ha						
APICULTURA	Compromisos 5 anos. Non poden incrementarse		20 €/ (ha) colmea. Máximo primable 80 colmeas/alvariza			Mínimo 80 colmeas en ZLN (montaña e distinta montaña). Polo menos en 2 alvarizas separados como mínimo 1 Km e cun mínimo de 20 colmeas en cada unha						

TÁBOA II.2 – COMPROMISOS DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS							
GANDEIROS QUE MANTENAN RAZAS AUTOCTONAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN	200 €/UGM	Cachena, Caldelá, Frieirasa, Limiá, Vienesa, Ovella e Cabra galega, Cabalo pura raza galega, Porco Celta e Galíña de Mos	Mínimo 5 UGM primables de bovino/equino e/ou 2,5 UGM primables no resto de especies	Participar nun programa de mellora da raza	Ter inscrito o gando no libro oficial de rexistro xenealóxico	Recibir asesoramento específico por unha entidade recoñecida ou formación adecuada do FOGGA	Alta no Reaga a data de fin de prazo da modificación PAC
	320 €/Ha	Trigo: variedades Caaveiro e Callobre	Emprego de semente certificada (factura ou reemprego da mesma como máximo 3 anos)	Mínimo 2 ha	Non aplicar lodos depuradora na integridade da explotación		

Prestación por violencia machista

Convócase para o ano 2023 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero.

Prazo aberto permanentemente (código de procedemento SI434A). Máis información na túa oficina do SLG.

Axudas para paliar os danos producidos polo xabaril

O prazo de presentación da solicitude das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas será dun mes contado

desde o día seguinte ao da comunicación do dano ao teléfono 012. **Prazo aberto até o 10 de novembro** (código de procedemento MT809E).

Axuda para a promoción do emprego autónomo

Axuda económica a aquelas persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional na Galiza como traballadoras autónomas ou por

conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral. **Prazo aberto até o 29 de setembro** (código de procedemento TR341D).

Subvencións renovación de electrodomésticos

A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25% do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral, do 50% para consumidores vulnerábeis e do 75% para consumidores vulnerábeis severos.

Prazo aberto até o 30 de setembro ou finalización de fondos (código de procedemento IN414C). Máis información nos establecementos de venda de electrodomésticos adheridos.

Axudas da PAC 2023

Orde do 15 de marzo da Consellería do Medio Rural, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (códigos de procedemento MR250A, MR239G, MR239K, MR239O, MR240D,

MR241C e MR241D).

O prazo iniciouse o día 21 de marzo e remata o 31 de maio. Unha vez finalizado este prazo, poderán modificarse as solicitudes até o 15 de xuño incluído. Para máis información, consulta o **DOG do luns 20 de marzo de 2023** ou contacta coa túa oficina do Sindicato Labrego.

Axudas á reestruturación e reconversión da viña

O prazo de presentación das axudas para á reestruturación e reconversión da viña en Galiza **está aberto até o vindeiro xoves 27 de abril**. Estas axudas están dirixidas ás persoas viticultoras e futuras viticultoras cuxos viñedos se destinen á produción de uva para vinificación e

que cumpran coa normativa vixente en materia de plantacións de viño, para todas as superficies de viño da súa explotación e coas disposicións relativas ás declaracións obrigatorias do sector vitivinícola (código do procedemento MR446A).

Está aberto o prazo para solicitar os recoñecementos médicos no ISSGA para as persoas labregas. Para facer a solicitude achégate ao teu local do SLG de referencia.

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES



016

**Non permitas
que te maltraten.
Solicita axuda
no teléfono 016.**

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Tractor Same de 120 CV en bo estado. Barreiros en funcionamento. Zona de Friol
☎982183019

Véndese

-Tanque de leite da marca Serap, de 3500 litros. Gorgullos - Tordoia
☎636705285 (Elisardo)

Véndese

-Empacadora Massey Fergusson 124E
☎629 851 614

Véndese

-Can de palleiro auténtico (Víctor)
☎676 26 84 64

Véndese

-Touro puro limusín francés con carta, moi manso (ten 5 anos). Véndese por ter moita crianza do mesmo
-Touro puro Angus (ten 4 anos) Zona de Lugo
☎690774565

Véndense

-Ovellas de boa raza.
☎986 689 486 (Ana)

Véndese

-Xuntador de herba Kuhn de 4 metros de Xunta
-Pinza cortadora de Ternias
-Estendedor de herba Zona de Carballedo (Lugo)
☎653641823

Véndese

-Alternador eléctrico de enganche a tractor de 15 kaveas
-Tanque de Refrigeración de leite de 2000 L. Lavado automático marca

SERAP

-Abonadora Aguirre Tafaya 400kg.
-Tanque conservación semen
-Silo penso 6000kg. (José Antonio Calviño Olas - Mesía)
☎659 927 961

Véndese

-Casa con finca en Sobrado dos Monxes
☎635503763

Véndese ou alúgase

-CASA con 2 naves e 14 has de terreo en Outeiro

de Rei.(José Antonio)
☎982160476

Véndese ou alúgase

-Finca de 2ha, terreo de labradío, no lugar de Galan, Laro. Ten bo acceso a 400m do empalme de Laro. Ten auga.
☎677461844

Véndense

-3 dereitos (1,83 da rexión 18 e 1,15 da rexión 3)
☎641 680 585



Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Remolque agrícola 3x1,70. Bo estado e non ten que pasar ITV até 2025. Con rodas novas
Fotos por whatsapp
☎659 993 345 (Carlos)

Véndese

-Rolos de Silo
-Bañeira de leite 1.200 litros, JAPY
-Motor de muxido SAT 1000
☎646 60 11 81
(María Jesus)

Véndese

- 50 ovellas ecolóxico (A Limia)
☎686 864 735

Véndese

-Tractor Ford 6410, motor novo e pala nova
-Tractor MCCORNIC 145cv, tripuntal dianteiro, en bo estado
-Arado de 4 regos
- Batedor de purín con botella de inclinación
- Sementador de patacas de 2 regos seminovo
-Rastrillo hilerador marca POTTINGER 420 11 púas
- Horquilla de 6 dentes de PALA TENIAS B2
- Arrastrador con batería (150€)
☎606 508 189
(Miguel, Lánacara)

Véndese

-18 Rolos de herba seca.
-Silo de 16m x 6m.
-3 xovencas frisoas.
☎636 915 510 (José Antonio, Calde)

Véndese

-Silo de millo
-Rolos de silo
-Rolos de herba seca
-Cargador rotativo
-Segadora bcs
-Estendedor e hilerador de herba seca
-1 punto da PAC da rexión 703
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Cargador Marangon de simple eixo.
-Tractor Ebro 160 para colección ou repostos
☎696 818 012

Véndese

-Xovencas preñadas (3 e 6 meses)
☎667 001 55 (Monfero)

Véndese

-Becerras Limousin
☎685 884 257
(Javier, Lugo)

Véndese

-Autocargador Campeva de 5 coitelos (con documentación)
-Desinsiladora CORVAR con poldro hidráulico
-Cuba de leite Alfa-Laval trifásica de 1.600 Litros
☎606 697 157

Véndese

-40 rolos de herba seca
☎982 505 755
(Santa Cristina - Cospeito)

Véndese

-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural. Na zona de Corme (Ponteceso)
☎659 932 481

Véndese

-Viño do país branco e tinto.
☎986 6894 86 (Ana)

Véndese

-Tractor Lamborghini 80CV dobre tracción (2004)
-Rotativa de 1,85m
☎667 469 962

Véndese

-Cociña de leña
-Caldeira de leña
☎649 369 179
(Ponteareas)

Véndese

-Coche Peugeot 106
☎648 78 82 01
(Oza - Cesuras)

Véndese

-Tubeira, motor de descarga e motor de vacío de tres puntos de sala de muxido
-Desensiladora Kuhn
-Tractor Ebro 160 para repostos
Véndese por separado e acéptanse ofertas
☎646 073 487
(José, Monfero)

Véndese

-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol)

Véndese

-Tenreiro Limousin puro para reprodutor
☎606 739 438
(Alejandro)

Véndese

-Autocargador MORRA (en moi bo estado). Con rodas anchas e ITV en vigor. (Zona Oza - Cesuras)
☎650 241 958
☎648 788 201

Véndese

-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 km. de Xinzo de Limia. Amoblada e lista para vivir. Bo prezo
☎678 616 746 (Paco)

Véndese

-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado)
☎619 267 520

Véndese

-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 km.
☎692 979 686

Véndese

-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrozadora, fresadora e arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado
☎605 908 585

Véndese

-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica
-Tanque de leite Japy 1.200 litros, monofásico
☎690 779 973 (Oroso)

Véndese

-Tractor SAME de 120 cv, con dobre tracción e con turbo. En perfecto estado. Zona Friol
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

- Autocargador con rotativa.
☎680529642
Abella - Frades (A Coruña)

Véndese

-6 vacas rubias e blondie de aquitania en Oleiros Vilalba, por xubilación. Paridas, preñadas e próximas ao parto
☎629 17 03 29

Véndese

-Cargador rotativo da marca Rotomorra por falta de uso. (Antonio). Ordes
☎680 385 068

Véndese

-CISTERNA ROMAY de 6000litros (Antonio)
☎628 586 957

Véndese

-Alpacas pequenas
☎619 267 520

Véndese

-Vacas e novillas por peche de granxa. Zona de Carballido (Lugo, Antonio)
☎616 74 52 24

Véndese

-Véndese carro mestura-dor arrastrado horizontal Tatoma con fresa de dez metros de 2010. Ideal para unha granxa de 50 vacas a a 70 en muxido. En bo estado, rodas novas e aceites recen cambiados. (Jose Ramón)
☎639 683 278

Véndese

-Grupo halóxico para tractor
-Revolvedor do purín
-Resinsiladora
-Xuntador de herba
-Extendedor de herba (Zona de Meira. Prezo a convir)
☎982 330 623 // 662 471 382

Véndese

-Casa para restaurar con terreo de 3000 m. No concello de Lánacara, zona Carballal, prezo negociábel. :
☎6065 081 89 (Miguel)

Véndese

-Leña para biomasa
☎670 895 789

Véndese

-Autocargador
-Extendedor
-Bertolina
-Sulfatadora
Zona de Portomarín
☎626 686 509

Véndese

-Plastificadora
-Rotativa
-Empacadora
-Tanque de leite de 1.000 l.
-Remolque
-Batedor de xurros
-Circuíto de muxido de catro puntos
☎669 836 716

Véndese

-Rotativa 180 Morra
-Autocargador Deutz Fahr K560
☎627 936 604
(En Orso)

Véndese

-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras
-Rolos de silo desta campaña
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎689 601 768 (Emilio)
Chamar a partir das 15:00

Véndese

-Boi (4 anos) grande e manso. A 8 km de As Pontes.
☎600 830 624

Véndese

-Máquinas de limpar
-Muíño eléctrico

No Corgo (Manuel, Lugo)
☎648 718 864

Véndese

-Rolos de herba seca en Lugo. (Andrés)
☎646 665 896

Véndese

- 52 Rolos de silo
- 20 Rolos de herba seca
- 2 Silos de millo
- 1 Colledora/Segadora BCS
- 1 Estendedor e hileradora de herba seca
☎680 92 68 16
(Balbina)

Véndese

-Vacas pintas de leite
☎650 107 657

Véndese

-Cisterna purín Cisca nova galvanizada 5000l compresor 2800l capacidade. Zona de Melide.
☎604 028 980

OUTROS

Alúgase

-Cuadra para gando vacún no lugar de Trazo Km 6, Numide - Tordoia. (preguntar por Balbina)

Alúgase

-Instalacións con palleira e prados (15ha.)
☎606 508 189 (Miguel, Lánacara)

Alúgase

-Cuadra (Ordes – Trazo Km. 6, Numide – Tordoia)
☎680 926 816 (Pilar)

Alúgase

-4 Fincas de labradío (12ha.)
☎696 818 012 (Baixa de Trazo)

Alúgase

-Establo libre e fincas
☎981 446 501
(Cabanais)

Alúgase

-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboredo (Frades). Dispón de rodadeira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente
☎628 829 199

Precísase

-Precísase persoa para traballar nunha granxa de leite en Visantón - Mesía. Máis información:
☎607 671 058

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego nace no ano 1990 a partir das primeiras actividades organizadas para as labregas, sendo Maite Ferreiro a súa primeira responsábel. En novembro de 2004 celébrase en Allariz o primeiro Encontro anual da Secretaría das Mulleres do SLG. Neste Fouce, no marco do XVII Encontro que tivo lugar os días 18 e 19 de marzo en Bergondo, falamos con María Ferreiro, labrega e actual responsábel da Secretaría das Mulleres, cargo que exerce dende o ano 2012.

“Todas vivimos unha realidade común e iso únenos na loita”

✓ **María, como responsábel da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego e como muller labrega, como viviches este XVII Encontro?**

Con moitas ganas porque aínda que foi o encontro XVII, algo habitual na axenda da Secretaría das Mulleres e do Sindicato todos os anos, polos motivos da pandemia levábamnos tres anos sen xuntarnos durante todo un fin de semana.

O último encontro que se fixo foi en Verín e foi xusto a semana antes de que saltase o estado de alarma. Entón sentimos este encontro con moitas ganas de volver a estar xuntas, de compartir os espazos, porque este tipo de encontro vai máis alá das palestras. Neles está a cuestión de vernos, de convivir todo o fin de semana, do intercambio de sementes, a cea compartida de sabores e saberes, etc. Hai moitos momentos durante todo o encontro que fan que tiveramos moitas ganas de que volviera a chegar. Así que recibímolos con ganas e con ilusión, así foi como vivimos este encontro. A valoración que facemos as mulleres destas xuntanzas é que son moi necesarias para ter un espazo propio na Secretaría das Mulleres.

Estes encontros de fin de semana, máis alá das actividades que se fagan a nivel comarcal, son importantes para a convivencia e para vernos. Somos mulleres de diferentes sitios pero a nosa realidade é común. Todas vivimos unha realidade común e temos problemáticas similares e iso únenos na loita.



Algunhas das mulleres participantes o pasado 18 de marzo nun momento da comida do XVII Encontro da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego.

✓ **Dende cando es a responsábel da Secretaría das Mulleres?**

Son responsábel da Secretaría dende o 2012. Foi o ano no que Isabel Vilalba entrou na Secretaría Xeral e eu asumín a responsabilidade da Secretaría das Mulleres.

✓ **Falando de Isabel Vilalba, actual Secretaria Xeral do SLG, ela foi a persoa responsábel da Secretaría das Mulleres dende o ano 2002 até o 2012. Dous anos despois, os días 25 e 26 de novembro de 2004, prodúcese o primeiro**

encontro anual da Secretaría das Mulleres en Allariz. Ti viviches este encontro do 2004, lémbreste del?

Si que me lembro. Houbo moi poucos encontros que non fun, 2 ou 3, por motivos persoais, pero si que lembro ese momento. Xa deberíamos ser unhas 40 mulleres nese encontro.

✓ **Cales cres que foron os pasos máis importantes que se deron aquel primeiro encontro até a actualidade no que se refire á Secretaría das Mulleres?**

Un tema fundamental foi o establecemento de actividades comarcais e a axenda propia. Unha vez que hai un grupo de mulleres que se dan conta de que hai cousas que nos afectan de forma diferente simplemente por ser mulleres, e nos coloca nun segundo plano, comézase a traballar con esa perspectiva.

Precisamos ter unha axenda propia e que esa axenda propia se poña de xeito transversal na organización e que todos os temas se traballen con perspectiva de xénero (por exemplo a PAC, que parece que está moi afastada das mulleres).

Este é un gran reto e logro da Secretaría das Mulleres: sermos capaces de manter a actividade nas zonas, de manter o noso encontro anual, un espazo de moito traballo político pero tamén de moita convivencia e tecermos redes entre as mulleres labregas, máis alá do territorio onde habitemos e sermos capaces de manter todo iso no tempo.

No ano 2007, no Congreso do Sindicato Labrego Galego, apróbase a pariedade en todos os órganos de decisión do sindicato, dende os máis locais até os comarcais e de ámbito nacional. Isto fai que a participación das mulleres en todos os órganos sexa unha participación sempre activa.

Outro dos grandes logros remóntase ás mobilizacións do ano 2011 e a aprobación da Lei de Titulariedade Compartida que reconece unha situación de invisibilidade e vulnerabilidade de moita mulleres labregas.